



**XUNTA
DE GALICIA**

**COLEXIO EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA
MILLADOIRO**

Código de centro: 15026765



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL CURSO 2023/2024



CEIP MILLADOIRO (15026765)
Malpica de Bergantiños



ÍNDICE

Contenido

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. OBXECTIVOS DO CENTRO: Medidas e recursos previstos.....	5
3. CONCRECIÓN ANUAL DO PE.....	11
4. MODIFICACIÓN DO PE.....	12
5. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.....	12
5.1 Órganos de goberno e participación.....	12
5.1.1. Equipo Directivo.....	12
5.1.2. Consello Escolar.....	13
5.1.3 Claustro de profesores.....	14
5.1.4. Persoal non docente.....	15
6. PLAN DE ACTUACIÓN.....	15
6.1 Órganos Colexiados.....	16
6.1.1 Plan de actuación do Equipo Directivo.....	15
6.1.2. Comisión de Coordinación Pedagóxica.....	16
6.1.3. Equipos de ciclo.....	16
6.1.4. Equipos de dinamización da lingua Galega e de Biblioteca.....	16
6.1.5. Equipo de actividades complementarias e extraescolares.....	27
6.1.6. Equipo TAC.....	33
6.1.7. Plan de benestar e convivencia.....	35
6.2. Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente.....	43
7. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO.....	43
7.1 Calendario Escolar.....	44
7.2 Horarios Xerais.....	45
7.3. Días non lectivos exclusivos do centro.....	47
7.4. Días con horario especial.....	48
8. LIBROS E MATERIAIS CURRICULARES.....	48
9. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	52
9.1 Transporte Escolar.....	52
9.2 Comedor Escolar.....	53
10. PLAN DE UTILIZACIÓN DO CENTRO.....	57
10.1 Equipamento.....	57



10.2. Uso das instalacións.....	58
10.3. Instalacións e material.....	59
10.4. Deficiencias e propostas de mellora.....	61
11. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.....	62
12. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COAS FAMILIAS.....	63
13. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.....	64
14. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.....	64
15. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.....	66
16. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	67
ANEXOS.....	85

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Datos identificativos

Nome/ Código: CEIP Milladoiro - 15026765

Enderezo: Rúa Ventorrillo, s/n C.P.: 15113 (Malpica de Bergantiños)

C.I.F.: Q 6555737 C

Teléfono/ Fax: 881 880 736 / 881 880 737

Correo electrónico: ceip.milladoiro@edu.xunta.gal

Páxina web: www.edu.xunta.gal/centros/ceipmilladoiro/

1.2. Alumnado e niveis educativos

Este Centro acolle a alumnado das parroquias de Malpica, Mens, Barizo, Vilanova e parte de Cerqueda. No curso actual están matriculados/as un total de 143 alumnos/as, repartidos/as en 9 niveis educativos en 9 aulas, dende 4º de Educación Infantil ata 6º de Educación Primaria. Este curso incorporáronse varios alumnos procedentes do CRA "Nosa Señora do Faro": un para 5º E.I., outro para 1º E.P. e dous para 3º E.P.

Destacar neste curso a división de 1º E.P. (24 alumnos/as) e a creación do grupo mixto con 2º (5 alumnos/as), quedando un 1º con 15 alumnos/as e un grupo mixto de 1º/2º con 14 alumnos/as. Esta proposta foi feita polo equipo docente que lles daba clase, levada a claustro e a consello escolar o 30 de xuño de 2023 para a súa aprobación e finalmente trasladada a Inspección Educativa. As razóns pedagóxicas para tomar esta medida son, principalmente, que nos grupos menos numerosos favorécese a integración destes, a creación dun ambiente colaborativo, saudable e cómodo; permite unha ensinanza e atención individualizada, persoalizando os traballos as necesidades de cada un deles e esta homoxeneidade tradúcese nun aprendizaxe máis eficaz.

1.3. Agrupamentos e titorías

CURSO	ALUMNADO	TITORÍA
4º E.I. (3 anos)	12	Diana Martínez Bouzas
5º E.I. (4 anos)	18	Dora Mª Pailos Parga
6º E.I. (5 anos)	17	Janice García Felipez
1º E.Primaria	15	Pedro Martínez Tapia
1º/2º E. Primaria	14	Susana Álvarez Mato
3º E. Primaria	17	Javier Puñal Abelenda



4º E. Primaria	13	Belén García Varela
5º E. Primaria	18	Leandro Manuel Freire García
6º E. Primaria	19	Uxía Arias Rodríguez

1.4. Información estatística

NÚMERO ALUMNOS		Relixión Católica	Actividades Alternativa s	Transporte	Comedor
Infantil	47	30	17	16	21
Primaria	96	52	44	44	21
TOTAL	143	82	61	60	42

2. OBXECTIVOS DO CENTRO: Medidas e recursos previstos

2.1. Obxectivos xerais

Os obxectivos xerais do Centro aparecen recollidos no seu Proxecto Educativo (PE), aprobado polo Consello Escolar o 30 de xuño de 2020.

Neste curso é obxectivo básico continuar coa actualización de dito Proxecto Educativo de Centro.

2.2. Obxectivos específicos para o curso académico

2.2.1 Orientados á conciliación familiar e laboral

Contamos cun comedor de xestión indirecta da Consellería, que este ano cambiou de empresa. Asemade, o centro oferta unha actividade diaria, agás os luns, de estudo e traballo persoal na biblioteca escolar.

2.2.2. Orientados á prevención e á atención da diversidade

Os obxectivos encamiñados á atención da diversidade están especificados na Programación do Departamento de Orientación (ver punto 12).

2.2.3. Orientados á normalización lingüística

Os obxectivos encamiñados á normalización lingüística están recollidos no actual Plan de Normalización, integrado no Proxecto Educativo do Centro (documento aprobado polo



Consello Escolar o 30 de xuño de 2020); así como no Plan xeral para o uso do idioma e o Plan específico para a potenciación do uso do galego (ambos os dous aprobados o 29 de xuño de 2006). A súa concreción para o presente curso está especificada no punto 4.4.3. da presente PXA e resume o Proxecto de fomento do uso do galego do 21 de setembro de 2010 elaborado polo Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística.

2.2.4. Orientados a unha ensinanza de calidade e á mellora de competencias do alumnado:

a) Estimulación da linguaxe oral

Na etapa de Educación Infantil dedícase unha sesión semanal á Estimulación da Linguaxe Oral (mediante o programa PELO), perseguindo os seguintes obxectivos:

- Estimular, previr e intervir no desenvolvemento da linguaxe oral.
- Ampliar o vocabulario, estimulando tanto a creatividade como a súa capacidade de escoitar e expresarse.

Solicitamos dentro do Contrato Programa, no apartado *EDUinnova – O centro docente como entorno innovador de aprendizaxe a través da mellora permanente*, na parte de **comunicación lingüística**, para traballar as interferencias lingüísticas do castelán sobre o galego, mediante unha actividade proposta para todo o centro que leva o nome de **DICHOLEO!**, no que cada clase realizará unha peza audiovisual de produción propia na que, nun contexto teatralizado, o alumnado emprega un castelanismo e outro compañeiro/a dille a palabra correcta en galego, utilizando a muletilla “dicholeo”.

b) Fomento da lectura, formación de usuarios e educación no acceso á información

Encadramos neste obxectivo todas as actividades relacionadas coa Técnica lectora e a Animación á Lectura, así como co **Proxecto de Biblioteca** e as TAC, polo tanto, os obxectivos básicos serán:

- Fomentar entre o alumnado o gusto pola lectura e o desexo de ler.
- Adquirir unha lectura eficaz.
- Fomentar nos alumnos habilidades documentais.
- Introducir aos alumnos nas Tecnoloxías da Aprendizaxe e da Comunicación (TAC).
- Organizamos un tempo, 25 minutos diarios despois do recreo, aspecto aprobado no claustro do 8 de setembro do curso escolar 2010/11, dedicado á lectura e a oratoria.



Por outra banda, coa LOMLOE, desaparecen a materia de libre configuración, que no nos centro era *Aprender a investigar*, polo que un dos obxectivos pasa a ser a formación do profesorado para introducir estes contidos de maneira transversal dentro das súas programacións.

O centro forma parte dende o seu inicio no **Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares** da Consellería de Educación. Ademais dende o curso pasado solicitamos tamén o programa **Lecturas e Familias**, no que traballamos as dúas liñas de actuación que o definen: lectura e formación (coas familias e entre iguais).

c) Innovación educativa:

- A Consellería seleccionounos para pór en marcha a **fase 2 do PLAN LIA** e transformar a BE nun verdadeiro centro de aprendizaxe. A partir do curso 2019-2020 démoslle forma a estes novos espazos (LEOLAB) deseñando diferentes laboratorios de aprendizaxe, o obxectivo deste curso é continuar co funcionamento inicial desta actividade, que levaremos a cabo todos os mércores nas dúas últimas sesións (o seu funcionamento explícase nos anexos). Estes laboratorios inclúense dentro do **Contrato-programa Innova**, na modalidade "O centro docente como promotor da excelencia a través do afondamento nun ámbito de coñecemento (EDUexcelencia)".

- O espazo de **LEOLAB** conta cun aula de maker-space (onde realizamos o laboratorio de imaxe e o laboratorio de ideas), a biblioteca (laboratorio documental), un aula de cociña ("cook-lab"), a aula de sensorial e o laboratorio de ciencias (laboratorios experimental), un aula-estudo de gravación de imaxe dotada con croma-key (laboratorio de imaxe) e un aula de radio (laboratorio de son).

- Formamos parte do proxecto **Biblioteca Creativa** (denominado anteriormente *Escornabots na biblioteca escolar*), que consiste na introdución dos robots e da linguaxe de programación nas bibliotecas dos centros integrados no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares. Participamos no apartado: **IV. Centros con catro anos de presenza no programa**. A coordinadora deste proxecto é a profesora Belén García Varela.

- Formamos parte do **Programa Radio Escolar** solicitando a nosa continuidade para a realización de obradoiros de formación específica, en materia técnica para o funcionamento da emisora de radio ou ben de lectura expresiva ou de mellora da



expresión oral para o alumnado. O coordinador continúa sendo o mestre Óscar Pérez Rodríguez.

- Este ano solicitamos, dentro do Plan proxecta, o programa de **proxecto de vida activa e deportiva**, nas modalidades de Máis e mellor actividade física e Xogade. O programa pretende axudarnos a elaborar o noso propio proxecto de vida activa, abordando a loita contra o sedentarismo, o sobrepeso e a obesidade a través do incremento, dentro e fóra do horario lectivo, da carga real de actividade física que realiza o alumnado. O coordinador deste proxecto é Óscar Pérez Rodríguez, mestre de educación física.

- O PDI (**Proxecto Documental Integrado**) deste curso ten como centro de interese os hábtios saudables, que ocupará os próximos dous cursos. Leva o título de *"Medicus curat natura sanat"*, sendo esta a máxima que adoptamos cun claro obxectivo: tratamento curricular de carácter transdisciplinar e transversal que favoreza a mellora da calidade de vida no ámbito físico e emocional nun tempo no que estimamos relevante o coidado dun mesmo e dos demais, sen esquecer que nenos/as están ao coidado das familias e, como apoio educativo, da comunidade, responsables últimos de proporcionar unha educación de calidade.

c) Desenvolvemento do cálculo mental e razoamento lóxico-matemático

Estamos á espera de que a Consellería faga pública a aprobación de **Contratos_Programa**. Participamos na segunda modalidade, *Mellora das competencias clave*, abarcando tres ámbitos distintos: a competencia matemática, a competencia en comunicación lingüística e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Desta maneira, o noso *Contrato* inclúe un Programa de cálculo mental (con exercicios e problemas matemáticos) que ten por nome CALCULÍN, desenvolvido a partir dun xa existente do grupo QUINZET.

d) Desenvolvemento das capacidades artísticas e a creatividade

O Equipo directivo deseñará actividades enriquecedoras da personalidade do alumnado, ben organizadas polo mesmo Centro (audicións musicais, visionado de audiovisuais, decoración do Colexio, dramatizacións e actuacións musicais, publicación da revista escolar...), ben en colaboración co Concello e/ou outros grupos/ entidades (obradoiros, visitas e actuacións dramático-musicais...). Ademais estamos creando unha aula de arte,



reutilizando diferentes mobles e materiais e comprando recursos diversos grazas a subvención pedida pola ANPA á Deputación de Coruña.

e) Introducción de recursos electrónicos

- Tecnoloxía da Aprendizaxe e a Comunicación: O centro conta con diferentes estratexias para familiarizar ao alumnado co uso eficiente e responsable dos soportes electrónicos aprendendo e/ou practicando as técnicas e recursos propios deste medio. O centro conta con titoriais dirixidos á consecución desta Competencia Básica.
- Na modalidade de mellora da competencia básica en ciencia e tecnoloxía, dentro do contrato programa, introducimos unha actividade anual para todo o centro que leva o título de GALICOMIC. Cada clase elaborará un cómic empregando a técnica audiovisual de Croma, o alumnado transcribirá as imaxes e os diálogos ao papel e este imprimirase en A3 para colgar dos corredores.
- Este curso o profesorado ten a posibilidade de implementar o uso de recursos en soporte electrónico na súa didáctica diaria, coa incorporación de diferentes dispositivos (tabletas, miniordenadores...) reunidos nun armario-cargador que apoiará o traballo docente.
- Tódalas aulas ordinarias (E.I. e Primaria) están dotadas con pantalla dixital táctil, a excepción de quinto e sexto que estamos esperando pola entrega das pantallas propias de E-dixgal.
- Coa creación do LEOLAB son números os recursos electrónicos introducidos neste novo espazo, entre os que destacan: as impresoras 3D , escornabots, Bee-bot, Makey-makey, gafas de realidade aumentada, camisetas de Body-planet, mesa de luz, microscopios electrónicos, mesa infantil interactiva, pantalla interactiva, Matatalab, primo, Stop Motion, placas Micro:bit...
- Actualización dos obxectivos do **Plan Dixital** para este curso, no que a coordinadora será Diana Martínez Bouzas.
- Continuar co **Proxecto de Educación Dixital** (E-dixgal), nos cursos de quinto e sexto de Educación Primaria.

f) Desenvolvemento de temas transversais

Diversas actividades coordinadas pola CCP servirán para o traballo dos contidos transversais. A tal fin, o Claustro acorda o tema para o PDI (**Proxecto Documental**



Integrado) anual, que servirá de fío condutor para estes temas durante o curso. As diferentes celebracións de días singulares suxeridas desde a Consellería, ensártanse no tema do PDI anual que, para o presente curso exploramos a liña da innovación. As datas singulares a celebrar neste curso serán: Samaín e Magosto, Entroido, Semana da Paz, Día de Rosalía, Día da Muller e Mes das Letras. Outras datas singulares serán motivo de traballo nas aulas sen ca CCP organice actos colectivos.

Tamén participamos na iniciativa Contrato-Programa Innova no apartado do compromiso cos **Obxectivos do Desenvolvemento Sostible**. Traballaremos un conxunto de medidas organizativas, metodolóxicas e actividades deseñadas para que o centro evolucione cara a un funcionamento ambientalmente responsable, e desenvolvan unha educación práctica para o desenvolvemento sostible, que impulse a concienciación e a adquisición de hábitos no alumnado, encamiñados a construír unha sociedade futura próspera, sostible ambientalmente e involucrada contra o cambio climático, que non é outro que un dos obxectivos da axenda 2030.

Solicitamos, tamén dentro do Contrato-Programa, no apartado **EDUsaúde. O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables**, poñeremos en marcha unha serie de actividades ao longo de todo o curso para que o alumnado adquira unha serie de coñecementos nutricionais e tamén fomentar a actividade física entre os escolares con actividades ao aire libre. Estas actividades estarán dinamizadas dentro do PDI de centro.

g) Mellora da convivencia

Pescudamos diversas estratexias para mellorar a convivencia entre o alumnado principalmente no patio e nos espazos comúns. Para iso adoptamos diferentes filosofías como a dos *patios dinámicos* e os *patios que soñamos* para conseguir ambientes de lecer máis inclusivos e didácticos.

Ademais participamos na modalidade de **Contrato Programa Inclúete**, nos apartados de Iguála-T, Convive-T, Inclúe-T e Emociona-T. É un instrumento de apoio aos centros para poder desenvolver un plan de mellora no que poidamos acadar o éxito educativo a través da implementación de programas que promovan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a inclusión, o desenvolvemento da competencia emocional e a mellora do clima escolar de toda a comunidade educativa.



Solicitamos a participación no **Plan director** para a mellora da convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos, solicitando charlas formativas para alumnado, familias e profesorado sobre acoso escolar e novas tecnoloxías.

h) Traballo de Equipos de Dinamización

Ao longo deste curso levaranse a cabo as actividades precisas para desenvolver os diferentes Plans que temos deseñados no centro (Plan de Benestar emocional e Convivencia, TAC, Plan Lector, Proxecto de Biblioteca, Plan de Fomento e uso da Lingua), deseñados polos distintos equipos de dinamización e coordinados pola Xefatura de Estudos.

3. CONCRECIÓN ANUAL DO PE

O noso punto de partida para encamiñar as nosas accións como profesionais do ensino é a lexislación educativa vixente, que se concreta na realidade deste Centro recollida no noso ideario que é o PE.

Os obxectivos xerais de cada etapa son os recollidos no:

- DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decretos baseados na Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación na que no seu preámbulo establece como obxectivos fundamentais, o contribuír o logro de:

- Calidade de educación para todo o alumnado.
- Equidade que garante a igualdade de oportunidades.
- Esforzo compartido por todas as persoas compoñentes da comunidade educativa.

Basearémonos na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación da práctica docente e no noso proceso de ensino e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van supoñer un importante cambio nas tarefas que teñen que resolver os alumnos/as, e propostas metodolóxicas innovadoras. Unha competencia supón a

combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Xa que logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízase como “un saber facer” que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais.

4. MODIFICACIÓN DO PE

Neste curso é obxectivo básico a actualización e mellora do noso Proxecto Educativo, polo que o Equipo Directivo recollerá as propostas de mellora tanto do Claustro como do Consello Escolar, conseguindo obter un PE o máis axustado á nosa realidade e á nosa visión de futuro como escola de innovación.

5. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

5.1 Órganos de goberno e participación

A organización, órganos de goberno e coordinación (e as súas atribucións), así como o funcionamento do Centro aparecen contemplados no ROC (Decreto 374/ 1996) e concretados nas NOFC (aprobadas en Consello Escolar en xuño de 2017).

5.1.1. Equipo Directivo

A Dirección do Centro, foi nomeada pola Delegación de Educación o 1 de xullo do 2021 por un período de catro curso, este curso cambiou a Xefa de Estudos, por traslado de centro, quedando da seguinte maneira:

Directora: Sandra Cao Álvarez.

Xefa de Estudos: Uxía Arias Rodríguez.

Secretaria: Susana Álvarez Mato.

O Equipo Directivo terá o seguinte horario para as súas funcións:

- Directora: 7 sesións de redución horaria.



- Xefa de Estudos: 5 sesións de redución horaria.
- Secretaria: 5 sesións de redución horaria.

5.1.2. Consello Escolar

Durante o mes de novembro do ano 2022, houbo eleccións ao Consello Escolar, onde renováronse 1 representantes do profesorado e 2 representantes das familias. Este curso renovouse a xefa de estudos e a representante da ANPA, polo que na actualidade queda da seguinte maneira:

PRESIDENTA	Sandra Cao Álvarez
XEFA DE ESTUDOS	Uxía Arias Rodríguez
SECRETARIA	Susana Álvarez Mato
REPRESENTANTES DO PROFESORADO	Ana Seoane Cives Sergio Simarro* Dora M ^a Pailos Parga Óscar Pérez Rodríguez M ^a Fátima Romero Olveira
REPRESENTANTES DAS FAMILIAS	Lourdes Andrade Pensado Ana M ^a Antelo Freire Noa Mel Vila Tania Doldán Pérez
REPRESENTANTE NOMEADA POLA ANPA	Ana María Rojo García
REPRESENTANTE NOMEADO POLO CONCELLO	Miguel Ángel Fernández Mirás

*Dende o pasado curso 2021/22 o mestre Sergio Simarro atópase en permiso.

*No próximo mes de novembro temos que repetir as eleccións ao Consello Escolar, xa que tres dos representantes de profesorado rematan os catro anos.

O Consello Escolar reunirase unha vez por trimestre, e sempre que se considere necesario.

5.1.3 Claustro de profesores

A adscrición do profesorado realizouse, de acordo coa Orde do 22 de xullo de 1997, en sesión de Claustro do día 1 de setembro de 2023.

TITORES/AS	
Diana Martínez Bouzas	Educación Infantil: 4º
Dora Mª Pailos Parga	Educación Infantil: 5º
Janice García Felipez	Educación Infantil: 6º
Pedro Martínez Tapia	Educación Primaria: 1º
Susana Álvarez Mato	Educación Primaria: 1º/2º
Javier Puñal Abelenda	Educación Primaria: 3º
Belén García Varela	Educación Primaria: 4º
Leandro Manuel Freire García	Educación Primaria: 5º
Uxía Arias Rodríguez	Educación Primaria: 6º
ESPECIALISTAS	
Óscar Pérez Rodríguez	Educación Física
Pedro Martínez Tapia	Música
Mª Jesús Graña Arcay	Inglés
Mª Fátima Romero Olveira	Apoio Educación Infantil/ AL
Mª del Carmen Canto Centeno	Relixión (itinerante co CEIP Joaquín Rodríguez Otero de Buño)
Ana Seoane Cives	Pedagoxía Terapéutica
Cristina Cao Noya	Audición e Linguaxe
Rebeca Varela Cotelo	Audición e Linguaxe (itinerante co CEIP A Revolta)
María Montserrat Martínez Gómez	Xefa do Departamento de Orientación (itinerante co CEIP Joaquín Rodríguez Otero de Buño)

O Claustro reunirase unha vez por trimestre, e sempre que se considere necesario.



5.1.4. Persoal non docente

Alejandro Rodríguez Varela	Conserxe
María Beatriz Caamaño Pombo	Auxiliar Técnico Educativo

6. PLAN DE ACTUACIÓN

6.1 Órganos Colexiados

6.1.1 Plan de actuación do Equipo Directivo

Alén dos labores administrativo-organizativas e de coordinación e dinamización das actividades programadas para este curso, o equipo directivo atenderá:

- Á revisión dos documentos do centro.
- Á reorganización dos espazos do centro, creando un aula de arte e a reorganización dos espazos dedicados á titorías.
- Á supervisión de actividades complementarias e extraescolares.
- Á xestión e coordinación do Programa de Bolsas para o alumnado.
- Á supervisión no nome do Consello escolar do servizo de comedor.
- Á actualización do Proxecto Educativo de Centro.
- Á xestión e solicitude de todos aqueles programas que podan contribuír á mellora da vida pedagóxica do centro, así como a aumentar os recursos dos que dispoñemos: Programa E-LBE, Contrato Programa, proxecto “*Biblioteca Creativa*”, PFPP, Radio Escolar...
- Á elaboración do inventario informatizado do centro.
- Á presidencia da Comisión de Biblioteca dentro do *Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares*.
- Á colaboración cos grupos de traballo con base no noso centro.
- Á colaboración co equipo de dinamización de TAC para a actualización e enriquecemento da páxina web do centro.
- Á realización das xestións oportunas, coa colaboración da ANPA, ante o Concello e a Consellería, para solicitar reformas e melloras das instalacións e servizos do Centro.



6.1.2. Comisión de Coordinación Pedagóxica

O traballo específico para este curso será:

1. Coordinar o desenvolvemento dos Proxectos anuais do Centro (recollidos anteriormente).
2. Organizar as propostas da presente Programación e coordinar a realización das actividades organizadas polo Departamento de Orientación.

As diferentes Comisións estarán coordinadas pola CCP e estarán formadas polos seguintes membros, segundo foi aprobado como anexo da PXA 07/08 en Claustro/Consello do 13-3-08:

Comisión para desenvolver o Plan de Benestar e convivencia:

- membros do equipo de benestar e convivencia
- profesorado con alumnos conflictivos na súa titoría
- profesorado voluntario

Comisión para desenvolver o PROXECTO LECTOR e o Plan anual de lectura e de afianzamento das TAC:

- membros do Equipo de Biblioteca
- membros do Equipo de TAC
- Directora
- profesorado voluntario

6.1.3. Equipos de ciclo

O seu plan de traballo implicará:

- Adaptar o Currículo LOMLOE á realidade social do Centro e, especificamente, do ciclo.
- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- Concretar nos respectivos niveis a realización de actividades aprobadas polo Centro.

6.1.4. Equipos de dinamización da lingua Galega e de Biblioteca

Compoñentes do Equipo de BE-DL:

- Dora M^a Pailos Parga (titora de 5º de infantil)
- Pedro Martínez Tapia (titor 1º de primaria e mestre especialista de Música)



- Susana Álvarez Mato (titora de 1º-2º de primaria)
- Javier Puñal Abelenda (titor 3º de primaria)
- Mª Jesús Graña Arcay (mestra especialista de Lingua Estranxeira)
- Mª Fátima Romero Olveira (mestra responsable da Biblioteca Escolar e coordinadora do equipo de Dinamización da Lingua)

O presente apartado é un extracto do **Plan Lector Anual 2023/34** que forma parte da Programación Xeral Anual (ver Anexos) e que debe ser integrado nas Programacións Didácticas de cada nivel educativo.

Nos obxectivos que enumeramos a continuación facemos referencia a diferentes *Anexos* que conforman o Plan Lector Anual.

O noso principal **obxectivo** segue sendo asentar a denominación que nos é propia, BE-LeoLab Milladoiro, a cal define o noso proxecto de escola como:

- Biblioteca Escolar, recurso imprescindible na nosa escola pública e rural para facilitar e favorecer o acceso de todos/as a educación do século XXI: sociedade da información; ao tempo que desenvolvemos o noso dereito a unha cidadanía independente e culta sustentada en dez valores do noso século: liberdade, igualdade, diferenza, sostibilidade, civismo, democracia, cooperación, sensibilidade, compromiso e utopía. Biblioteca que se caracteriza por ser:
- Creativa para experimentar aprendendo coas novas Tecnoloxías da Aprendizaxe e da Comunicación e "aprender facendo" (cultura maker) mediante os laboratorios de aprendizaxe, que nos son propios, desenvolvendo as competencias clave e o pensamento creativo, empático e crítico para unha educación de calidade.
- Inclusiva para responder ás necesidades de todos/as, da diversidade, dende catro grandes bloques: arquitectura, servizos, fondos e formación. Unha aposta pola igualdade de oportunidades para unha educación equitativa e inclusiva.

Tendo claro quenes somos, os obxectivos que perseguimos co presente Plan Lector Anual son:

- Dar continuidade ao servizo á comunidade: divulgando, facilitando, asesorando, orientando, apoiando o proceso de ensino e aprendizaxe, a



formación continua e de calidade, a xestión e organización da nosa BE-LeoLab...

- Potenciar o uso das instalacións e dos recursos da Biblioteca Escolar como espazo creativo de aprendizaxes e elemento dinamizador da actividade lectora, da actividade escrita, do fomento de actitudes/valores, compensadora de desigualdades de partida atendendo á diversidade e facilitadora de formación continua: funcións social e formadora.
- Dinamizar proxectos comúns a través de tarefas integradas, que se nutran de alfabetizacións múltiples e permitan afondar a todo o profesorado nunha mesma temática seguindo o PDI "Medicus curat natura sanat" (ver Anexo III).
- Facilitar o desenvolvemento de todas as actividades da Biblioteca e fomento da lectura, como fonte de información, de placer e benestar: formación de usuari@s, mochilas e bolsiñas viaxeiras, Lectura e Familias (Educa-Tribo: Hoxe le... e xornadas de formación), Radio na biblio, Que me contas?, Hora de Ler, conmemoracións e laboratorios de aprendizaxe, semanas temáticas, Mes das Letras...
- Reforzar a implicación de toda a comunidade educativa no fomento de hábitos lectores e mellora da competencia lectora como rutina diaria.
- Explorar outras vías para fomentar a lectura persoal e compartida, dando continuidade ao programa *Que me contas?* (ver Anexo IV) e a sesión *Hoxe le...* de lecturas compartidas.
- Dinamizar e divulgar os fondos da nosa biblioteca: exposicións trimestrais, temáticas, de novidades, seccións documentais de aula, seccións/caixas Hora de Ler..., poñendo os libros a disposición da comunidade como fontes de lectura, información e aprendizaxe.
- Fomentar o uso da *biblioteca entre* as familias e persoal non docente, dinamizando a participación presencial das familias (programa Lectura e Familias: Educa-Tribo, ver Anexo V)
- Contribuír a un dos obxectivos curriculares: creación da biblioteca persoal; solicitando ás familias a compra de dous exemplares ao comezo de cada curso escolar (ver punto 9. *Hábitos e itinerarios lectores*)
- Propoñer e levar a cabo actividades curriculares que impliquen a familiarización con diferentes soportes para a lectura (programa E-LBE.2,



entre outros), sendo quen de localizar a información alí onde esta se encontre ou gozar da lectura como fonte de placer.

- Dar continuidade aos equipos creativos de traballo para dinamizar os recursos e espazos que conforman a BE-LeoLab Milladoiro mediante, entre outras propostas, os laboratorios de aprendizaxe para todas/os (ver *Anexo VI*).
- Dinamizar o uso dos espazos e recursos como medios para o tratamento transdisciplinar e desenvolvemento da alfabetización múltiple (ver *Anexo VII*) e de uso das TACs. que tamén se reflicte no Plan Dixital de Centro.
- Apoiar a posta en marcha e seguimento do Plan Dixital de Centro, E-Dixgal e *Contrato-Programa*, baseado en propostas de adquisición da competencia lingüística e informacional; así coma outros plans ou programas que o centro solicite como o PFPP que solicitamos cada curso escolar.
- Atender ao uso ético das publicacións en formato papel e/ou dixital, respectando a autoría (obxectivo este incluído no Plan Dixital de Centro)
- Dar a coñecer a figura da autora homenaxeada na celebración das Letras Galegas 2024: Luísa Villalta.
- Revisar a sinalización e continuar adquirindo fondos (con pictogramas, de Lectura Fácil...) e materiais adaptados atendendo a diversidade (alumnado con NEAE, alumnado estranxeiro...).

A Biblioteca Escolar é o axente dinamizador do proceso de ensino e aprendizaxe, motor de innovación, mediante actividades formativas e curriculares relacionadas co PDI, laboratorios de aprendizaxe, conmemoracións, tarefas integradas/alfabetizacións múltiples: fomento da lectura, da solidariedade, da cultura. Organizamos e propoñemos actividades como:

- *Mochilas e bolsiñas viaxeiras, Hora de Ler, Que me contas? Hoxe le ...* todas elas co obxectivo común de fomentar o hábito lector gozando coa lectura.
- Empréstitos directos nos recreos e indirectos ás aulas, lecturas compartidas... actividades nas que o alumnado participa e/ou xestiona directamente.
- Fomento de actitudes/valores, das capacidades, das competencias clave e do uso das TACs vertebrado polo PDI e materializado a través da proposta



de actividades, das nosas bitácoras, da formación de usuari@s, dos laboratorios de aprendizaxe...

- Motivación, ambientación e decoración de espazos con exposición de fondos para as diversas conmemoracións, para temáticas traballadas ao longo do curso escolar e novidades.
- Proposta e organización de actividades culturais varias: encontros con autores/as, ilustradores/as, familias, membros da comunidade, teatro, contacontos...
- Animación á solidariedade: biblioaxudantes de 5º e 6º de Primaria.

Ademais das actividades propostas para alumnado, profesorado e familias tamén se levan a cabo outras actividades imprescindibles para o correcto funcionamento da nosa BE-LeoLab como: catalogación, expurgo, selección e novas adquisicións, xestión e organización, formación de usuari@s e biblioaxudantes, exposición e difusión de fondos, empréstimo interbibliotecario, guías de lectura... Actividades que se recollen no Plan de Traballo 2023/24 (ver *punto 8. Seguimento e avaliación*).

As actividades desenvoltas, curso tras curso, co pertinente seguimento e avaliación permítenos organizar os trimestres atendendo as conmemoracións que presiden o noso proxecto de escola e que xa nos son propias, entre as que destacamos: *Samaín/Magosto (Semana das Lecturas Terroríficas), Mes da Ciencia en Galego na Biblioteca, Semana da Paz, Día Mundial da Radio, Día de Rosalía, Entroido, Semana da Prensa, Semana da Muller, Mes das Letras e Día do Medio Ambiente.*

Nas seguintes páxinas recolleamos as actividades programadas para o curso 2023/24, tendo en conta que como toda programación, aberta e flexible, poderán sufrir modificacións na súa posta en práctica:

1º TRIMESTRE 2023/24

- **Setembro:** Entrega ao profesorado, en formato papel e en formato dixital mediante o cartafol BE 2023/24 do USB do centro, do Plan Lector Anual que recolle o que *debe saber* sobre a BE-LeoLab, o seu uso e funcionamento, o PDI, os laboratorios de aprendizaxe, tarefas integradas/alfin para integrar nas Programacións de Aula.

- Elaboración do Caderno de Usuari@s (número de lector/a)
- Formación usuari@s mestres/as. Autoempréstimo (KOHA)
- Organización de mochilas e bolsiñas viaxeiras, así como as caixas *Hora de Ler* e



Sección Documental de cada aula.

- Organización, coordinación, reparto de funcións e formación de biblioaxudantes da BE-LeoLab: alumnado de 5º de Primaria en Radio na Biblio e alumnado de 6º de Primaria na BE.
- Actualización das bitácoras de centro: BE, LeoLab, PDI, DL... (ver *punto 7. Recursos persoais e materiais*)
- Publicación da proposta de actividades anuais.

- **Outubro/Novembro:** 1. Apertura BE: luns 2 de outubro 2023 2. Posta en marcha dos diversos programas: *Que me contas?*, Lectura e Familias (Educa-Tribu), E-Dixgal, Contrato-Programa, PFP... 3. Posta en marcha dos laboratorios de aprendizaxe. 4. Formación de usuarios/as alumando. 4. Inicio do PDI bianual *Medicus curat natura sanat*. 5. Conmemoramos: *Día das Escritoras* e *Días das Bibliotecas, XIV Semana das Lecturas Terroríficas* (Samaín/Magosto), Ciencia en galego nas Bibliotecas e 25N. 6. Exposición trimestral. 7. Exposicións temáticas e de novidades *Leo le...*

- **Decembro:** 1. Exposición temática Nadal: *agasalla un libro, o mellor amigo!* 2. Guía de Nadal.

2º TRIMESTRE 2023/24

- **Xaneiro:** 1. Semana da Paz 2. Exposición trimestral.
- **Febreiro/Marzo:** 1. Exposicións temáticas e de novidades *Leo le...* 2. Entroido: apoio ás aulas. 3. Conmemoramos: *Día Mundial da Radio, Día de Rosalía de Castro, Semana da Muller e Semana da Prensa*.

3º TRIMESTRE 2023/24

- **Abril/Maio:** 1. Exposición trimestral. 2. Exposicións temáticas e de novidades *Leo le...* 3. Conmemoramos: *Mes das Letras 2024* (dende o *Día do Libro* ata o *Días das Letras Galegas*).
- **Xuño:** 1. Día do Medio Ambiente. 2. Clausura BE: venres 7 de xuño de 2024. Entrega de diplomas. 3. Edición do/s libro/s colectivo/s de produción propia derivados do PDI. 4. Revista escolar *DígochoEu*. Edición e publicación, en formato papel e dixital. 5. Guía de verán. 6. Memoria final.

➤ **Plan anual de dinamización da lingua galega**

Tal como se establece no decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia constitúese un Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) para potenciar o uso do noso idioma no CEIP Milladoiro de Malpica de Bergantiños (A Coruña).

Este equipo de dinamización elaborará un programa de actividades de fomento da nosa lingua, no marco do Proxecto Lingüístico de Centro así como do Plan Lector e coa participación de toda a comunidade educativa, con especial atención ás liñas de actuación que permitan un incremento do uso do galego nas actividades extraescolares e complementarias.

Este Equipo, tendo en conta a diminución do número de mestres/as no centro nos últimos cursos, así como o aumento das horas lectivas, traballará conxuntamente co Equipo de Biblioteca co fin de rentabilizar o noso traballo así como evitar duplicidades nos obxectivos e actividades.

6.1.4.1 Addenda

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o Plurilingüismo no ensino non Universitario de Galicia recolle que a lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará as familias (nais, pais, titores/as legais) do alumnado antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna das súas fillas ou dos seus fillos. Tendo en conta os resultados desta enquisa obtemos os seguintes datos:

NÚMERO DE FAMILIAS	12
Lingua materna en Galego	12
Lingua materna en Castelán	0

6.1.4.2 Materias que se impartirán en cada lingua

No presente curso 2023/24 é de aplicación, en todos os niveis educativos, a nova lexislación educativa (*Decreto 150/2022, do 8 de setembro e Decreto 155/2022, do 15 de*



setembro), así o número de horas nas que se imparten materias na nosa Lingua relaciónanse a continuación:

Educación Infantil:

Tendo en conta o carácter globalizado desta etapa educativa, a cuantificación de materia-lingua vehicular-horas lectivas non é tan exacta como na Educación Primaria

A lingua materna do noso alumnado é maioritariamente o galego, polo que a lingua vehicular nesta etapa educativa será a Lingua Galega.

Educación Primaria:

1º nivel: 4 de Lingua Galega, 2 de Ciencias Sociais, 3 de Ciencias da Natureza, 2 de Educación Física e 1 de Relixión ou Proxecto Competencial (12 horas)

2º nivel: 4 de Lingua Galega, 3 de Ciencias Sociais, 2 de Ciencias da Natureza, 2 de Educación Física e 1 de Relixión ou Proxecto Competencial (12 horas)

3º nivel: 4 de Lingua Galega, 2 de Ciencias Sociais, 3 de Ciencias da Natureza, 2 de Educación Física e 1 de Relixión ou Proxecto Competencial (12 horas)

4º nivel: 4 de Lingua Galega, 3 de Ciencias Sociais, 2 de Ciencias da Natureza, 2 de Educación Física e 1 de Relixión ou Proxecto Competencial (12 horas)

5º nivel: 4 de Lingua Galega, 2 de Ciencias Sociais, 3 de Ciencias da Natureza, 2 de Educación Física e 1 de Relixión ou Proxecto Competencial (12 horas)

6º nivel: 4 de Lingua Galega, 2 de Ciencias Sociais, 2 de Ciencias da Natureza, 2 de Educación Física, 1 de Relixión ou Proxecto Competencial, 1 de Educación en Valores Cívicos e Éticos (12 horas)

➤ Obxectivos e actividades

Obxectivo 1: Fomentar a lectura de libros en galego, en formato papel ou dixital, e difundir as novidades editoriais e o coñecemento de autores/as en lingua galega.

Actividades:1.Edición de dúas guías de lectura con recomendacións literarias en galego, coincidindo co nadal e co verán en colaboración co equipo de BE. 2.Formación de usuari@s no manexo e descarga de libros en formato dixital dende o proxecto E-LBE.2 da



rede Bibliotecas Escolares. 3.Exposición *AS NOSAS LETRAS!*. Autores/as galegos/as que hai que coñecer.

Obxectivo 2: Manter tradicións de orixe galega e favorecer o uso da lingua na proposta de actividades elaborada polo Equipo BE-DL. Actividades: 1.Celebrar Magosto e Samaín facilitando ao profesorado recursos electrónicos e/ou en formato papel. 2. XIV Semana das Lecturas Terroríficas. Recompilación/creación de historias, lendas de misterio/medo escritas e contadas, en galego. 3. Organizar unha exposición de cabazas decoradas arredor da temática do PDI "Medicus curat natura sanat"

Obxectivo 3: Promover o uso da lingua galega nas actividades, a nivel centro, que se van pór en marcha ao longo do curso: laboratorios de aprendizaxe, conmemoracións, lecturas, formacións... Actividades: 1. Propoñer actividades en torno ao PDI que nos ocupa. 2. Facilitar recursos na nosa lingua, en diferentes soportes e formatos, que apoiem a proposta de actividades anuais.

Obxectivo 4: Colaborar nas actividades de dinamización lingüística do Concello de Malpica ou a Xunta de Galicia, potenciando a participación do alumnado e con calquera outra actividade promovida durante o curso con calquera outro organismo. Actividades: 1. Difusión e organización no centro das diferentes iniciativas que o Concello de Malpica, a Xunta de Galicia ou calquera outro organismo poidan ofertar. 2.Participación en propostas de actividades alleas que nos permitan participar coas propostas que nos son propias, sen que deriven en actividades anecdóticas sen fin curricular.

Obxectivo 5: Editar a revista escolar *Dígocho Eu!* e difundir a mesma entre a comunidade escolar. Actividade: Edición, en formato papel e dixital, a finais de curso da revista escolar *Dígocho Eu!*.

Obxectivo 6: Dar a coñecer a lingua galega entre o alumnado estranxeiro e traducir ao galego material de apoio para este alumnado. Actividades: 1. Adquisición de dicionarios visuais e material informático interactivo para as aulas e/ou profesorado de apoio (PT/AL) ao alumnado estranxeiro en colaboración co Equipo BE. 2.Fomento de recursos en liña para a adquisición da nosa lingua, publicados nas bitácoras da BE e de DL.



Obxectivo 7: Colaborar con outros centros de ensino de infantil e primaria na elaboración de actividades comúns. Actividade: Participación na rede de Bibliotecas Escolares de Galicia.

Obxectivo 8: Favorecer o coñecemento e uso das TAC relacionándoas coa Lingua. Actividades: 1. Uso dos espazos creativos da BE-LeoLab e dos recunchos de aula dinamizando a Lingua. 2. Mantemento da bitácora [Dígocho Eu!](#) con todas aquelas novas que resulten de interese para a nosa comunidade educativa e teñan relación coa lingua e a súa dinamización.

Obxectivo 9: Potenciar a transmisión idiomática e a conversa literaria en galego entre alumnado e familias, achegando produción editorial en galego. Actividades: 1. Organización de Bolsiñas e Mochilas viaxeiras con materiais na nosa lingua para compartir en familia. 2. Inclusión, en bolsiñas e mochilas, de materiais de escasa distribución na nosa lingua: de consulta, musicais, lúdicos...

Obxectivo 10: Potenciar as actividades artísticas en lingua galega, nomeadamente o teatro, a canción, o recitado e a narración. Actividade: 1. Colaboración na preparación de actividades para as semanas temáticas e festivais que se celebren no centro, nomeadamente: Lecturas Terroríficas, Entroido, Semana da Paz, Semana da Muller Traballadora, Día de Rosalía de Castro, e Mes das Letras. En colaboración co Equipo de BE.

Obxectivo 11: Difundir a conmemoración do Día das Letras e da vida e a obra da autora que será homenaxeada no 2024: Luísa Villalta. Actividades: 1. Exposicións, trimestrais e temáticas, *Leo le..* en colaboración co Equipo de BE. 2. Achegamento ao alumnado da figura da autora homenaxeada e unha pequena escolma da súa obra en colaboración co Equipo BE: recursos propios e alleos. 3. Celebración do Festival das Letras.

Obxectivo 12: Visualizar e difundir as actividades a prol da dinamización lingüística realizadas polo alumnado do centro entre o resto do alumnado. Actividade: Realización de exposicións temporais e itinerantes con traballos de investigación, recompilación, creación propia... realizados polo alumnado do centro.

Obxectivo 13: Ampliar os fondos da biblioteca escolar de novidades editoriais en lingua galega. Actividade: Consulta periódica de catálogos de novidades editoriais, dando propostas ao Equipo de BE.



Obxectivo 14: Animación á Lectura, fomentando a transmisión oral de literatura galega e universal, fomentando cultura. Actividades: 1. Realización de obradoiros, de encontros entre escritores/as, ilustradores/as e o alumnado en colaboración con diferentes editoriais. En colaboración co Equipo BE. 2. Programa *Hoxe le...* de lecturas compartidas entre iguais, entre alumnado e familias procurando que haxa unha maior porcentaxe de lecturas na nosa lingua.

Obxectivo 15: Desenvolver o razoamento matemático entre o alumnado de E. Primaria relacionando Ciencia e Lingua. Actividade: Continuar en todas as aulas co programa secuenciado de cálculo mental "Calculín", en Lingua Galega.

Obxectivo 16: Desenvolver a competencia lingüística en lingua galega do noso alumnado a través da escritura creativa ou a produción propia de pequenas pezas audiovisuais. Actividade: 1. Producións propias escritas en formato banda deseñada para dar continuidade a nosa propia marca: Galicómic do Milladoiro. 2. Producións audiovisuais propias dinamizando a lingua, ampliando vocabulario: DichoLeo. 3. Promover entre o alumnado que as recomendacións literarias sexan de libros escritos en lingua galega e que as gravacións de podcasts ou vídeos se realicen na mesma lingua.

Obxectivo 17: Desenvolver a alfabetización múltiple (pescuda, selección e restitución da información pertinente) relacionándoas coa Lingua dentro das actividades de centro e de aula. Actividades: 1. Continuar cos cadernos de produción propia *Leo anímate a... investigar!*, ampliando o número de cadernos dispoñibles se fose posible. En colaboración co Equipo BE. 2. Desenvolvemento do Laboratorio Documental na Biblioteca. 3. Favorecer a alfabetización múltiple na proposta de actividades de centro asesorando e apoiando ao profesorado. 4. Asesorar e apoiar ao profesorado no desenvolvemento de tarefas integradas que se nutran da alfabetización múltiple.

Obxectivo 18: Desenvolver actitudes positivas respecto á presenza e uso da Lingua Galega na rede, como consumidores e como produtores de información. Actividades: 1. Visibilización de espazos web de calidade publicados en galego. 2. Continuación das publicacións nas diferentes bitácoras de ciclo e nas asociadas á BE: <http://bemilladoiro.blogspot.com/> 3. Uso e difusión entre profesorado e alumnado do Programa de Xestión da Biblioteca: KOHA (en galego)



6.1.5. Equipo de actividades complementarias e extraescolares

➤ **Compoñentes:**

- Sandra Cao Álvarez
- Coordinadora: M^a Carmen Canto Centeno (mestra de relixión).

➤ **Programa anual de actividades complementarias e extraescolares**

Xustifícase a importancia das actividades complementarias e extraescolares partindo da premisa que considera a educación de calidade aquela que responde ás nova demandas sociais de modo eficaz e proporciona non só un incremento da súa calidade de vida, se non tamén igualdade, xustiza e oportunidades para todos. Neste contexto no que se foi recoñecendo a contribución das actividades complementarias e extraescolares para lograr unha formación plena do alumnado. Polo tanto, un centro educativo, non limita as súas actividades ás estritamente académicas, tamén da cabida a outras que proporcionan, tanto aos alumnos como ao profesorado, diferentes experiencias e situacións de aprendizaxe.

As actividades complementarias e extraescolares contribúen de xeito importante ao logro dunha formación plena e integral do alumnado e ao desenvolvemento integral da súa personalidade, a completar a súa formación académica e á adquisición de valores e actitudes, coma a tolerancia e o respecto; polo tanto, contribúen ao desenvolvemento das competencias clave, melloran a convivencia e constitúen un campo específico para a iniciativa e a capacidade organizativa do centro ao mesmo tempo que permiten e incentivan a participación doutros membros da Comunidade educativa.

Considéranse actividades complementarias as organizadas durante o horario escolar polos centros, de acordo co seu proxecto educativo e que teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas, polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Nestas actividades debe participar o conxunto dos alumnos do grupo, nivel ou etapa para o que sexan programadas.

A maioría das actividades complementarias e extraescolares programadas para o presente curso académico en todos os niveis van ter unha motivación común: a procura de información para participar no Proxecto Documental Integrado ("Medicus curat, natura sant") presentado dende a biblioteca do centro e a posta en marcha dunha cadea



de transmisión de coñecementos entre as diferentes ensinanzas (infantil e primaria) e niveis.

As actividades deben ter o seu lugar dentro da vida do Centro, integrándose axeitadamente no conxunto das actividades educativas e facilitando a participación dos diferentes sectores da comunidade escolar na elección, organización, desenvolvemento e avaliación das actividades complementarias e extraescolares. As citadas actividades serán propostas polos equipos de nivel, de conformidade cos criterios establecidos polo Consello Escolar e despois de informar a todos os implicados xa que se está partindo dunha proposta global.

O profesorado dos grupos, niveis ou etapa a quen van dirixidas cada unha das actividades é o responsable das mesmas; encargándose da súa planificación, acompañamento e avaliación.

Todas as actividades complementarias deben ser incluídas nesta Programación Xeral Anual do centro e ser aprobadas polo Consello Escolar. As actividades complementarias que se introduzan ao longo do curso requirirán, así mesmo, a aprobación do Consello Escolar e serán comunicadas á inspección educativa.

Teñen o carácter de actividades extraescolares as encamiñadas a potenciar a apertura do centro ao seu entorno e procurar a formación integral do alumnado. As actividades extraescolares realizaranse fóra do horario lectivo, terán carácter voluntario para o alumnado e buscarán a implicación activa de toda a comunidade educativa.

Xustificación

As actividades complementarias e extraescolares constitúen un factor enriquecedor na formación do alumnado xa que contribúen a :

- Ampliar a súa formación.
- Formar diferentes facetas da súa personalidade.
- Facilitar as relacións entre todos os membros da comunidade educativa.
- Involucrar ao alumno no seu proceso educativo e desenvolver o seu espírito crítico.
- Analizar e sintetizar os procesos das Ciencias Naturais mediante a observación directa.
- Practicar actividades deportivas no medio natural.



- Coñecer directamente os logros das novas tecnoloxías.
- Desenvolver e potenciar os valores de solidariedade e colaboración social.
- Favorecer o respecto e a tolerancia á diversidade de culturas e crenzas.
- Contribuír ao desenvolvemento cultural do entorno.
- Valorar as diversas manifestacións da arte (teatro, pintura, arquitectura, música, etc.) e a cultura tradicional de nosa comunidade.
- Lograr a súa implicación en diferentes ámbitos como: cultura, medio ambiente, ciencia.
- Promover na Comunidade Educativa o sentido da responsabilidade e a colaboración.
- A planificación das actividades complementarias e extraescolares pode reforzar o desenvolvemento do conxunto das competencias básicas.

Tendo todos estes puntos en conta podemos agrupar as actividades en varios bloques :

- Actividades físicas e deportivas: xogos e deportes tradicionais; saídas ao entorno máis próximo en espazos específicos ou ao aire libre.
- Actividades de promoción da saúde: charlas e/ou obradoiros de prevención de drogo dependencias e de enfermidades; de nutrición, alimentación e hixiene; prevención de riscos, reciclaxe, charlas sobre o medio ambiente... ofertados polo Concello ou por asociacións colaboradoras sen ánimo de lucro (Asociación Visibles, Aspanaes, Once, Cruz Vermella, Garda Civil, Bombeiros...).
- Actividades artísticas: danzas e bailes, formación musical: canto e instrumental; teatro, dramatización, expresión corporal, obradoiros , concertos didácticos, etc.
- Actividades de biblioteca e técnicas de estudo: conta contos, talleres de animación á lectura, participación no Programa Prensa Escola, formación de usuarios da biblioteca, sesións para mellorar rendemento escolar... etc.
- Excursións Instrutivas / Educativas ou recreativas: visitas a unha cidade, un museo, lugares con historia o un contacto coa natureza.
- Actividades de informática e medios audiovisuais: uso de Internet, mellora de competencia dixital... etc.
- Actividades de comunicación en linguas estranxeiras.
- Actividades de participación da Comunidade Educativa: actos, xornadas e celebracións.
- Actividades de orientación e colaboración con outros centros educativos.



Criterios xerais

- Os obxectivos das actividades terán en conta os obxectivos xerais do centro.
- Os obxectivos das actividades estarán integrados na programación docente do nivel e contribuirán ao mellor desenvolvemento da mesma.
- Programaranse ao comezo do curso e, en calquera caso, serán aprobadas polo Consello Escolar. Os titores informarán aos pais e nais sobre as actividades complementarias a realizar.
- Cando se organice algunha actividade extraescolar, unha vez decidida a data, avisarase á xefatura de estudos e anotarase no calendario da sala de profesores.
- Por tratarse de actividades que favorecen o desenvolvemento das competencias clave, procurarase que todas as actividades programadas sexan participativas e inclusivas. O Centro farase cargo do custo da actividade dun alumno no caso de que este non poida realizala por problemas económicos.
- Recoméndase aproveitar os recursos da localidade.
- Os titores comunicarán ás familias as saídas que vaian realizar.
- É imprescindible que os titores, na semana anterior ás saídas comprobem, xestionen e confirmen o necesario para as mesmas.
- De cada actividade elaborárase un Proxecto Económico, que deberá ser entregado na secretaría do centro.
- Promoverase o coidado do medio ambiente coa reciclaxe, reutilización e redución de residuos.
- Terase en conta a atención á diversidade na programación e desenvolvemento de actividades.
- Solicitarse ao Concello de Malpica información detallada e con suficiente anterioridade das actividades ofertadas para poder participar nelas.
- Todos os niveis colaborarán nas actividades propostas polos equipos e departamentos existentes no centro.
- As saídas didácticas así coma as excursións efectuaranse dentro dos límites da Comunidade Autónoma de Galicia. As pernoctacións quedan limitadas á saída de final de Primaria (alumnado de 6º E.P.).

Poderán incorporarse ao longo do curso, de xeito excepcional, determinadas actividades complementarias, a proposta dos equipos de nivel, que se consideren axeitadas e beneficiosas para o desenvolvemento da programación .Esta excepción xustifícase



porque é habitual que se reciban ofertas, unha vez realizada a planificación de actividades, novas propostas.

Actividades

A xefatura de estudos elaborará as correspondentes **autorizacións** para todas as actividades complementarias e extraescolares contempladas na presente PXA, que serán asinadas polos pais, nais ou titores/as legais do alumnado. Para todas aquelas que poidan xurdir ao longo do ano académico e non estean contempladas na presente PXA, actuarase segundo o disposto anteriormente. En ambos os casos, a totalidade dos membros da comunidade educativa afectados, recibirán, en tempo e hora, a puntual e pormenorizada información.

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións, recollidas na *ORDEN do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*.

20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia.

25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2023: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.

3 de decembro de 2023: Día Internacional das persoas con discapacidade.

10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

24 de xaneiro de 2024: Día Internacional da Educación.

30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz.

23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.

8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.

15 de marzo de 2023: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.

Do 7 ao 11 de marzo de 2024: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.

7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.

Entre o 18 e o 22 de abril de 2024: Semana do libro.

2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar.

9 de maio de 2024: Día de Europa.

Do 16 ao 20 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.



5 de xuño de 2024: Día Mundial do Medio Ambiente.

No noso centro, tamén se realizarán as seguintes actividades-celebracións:

3 de novembro de 2023: Magosto.

Do 23 ao 27 de outubro de 2023: Semana das Lecturas Terroríficas.

21 de decembro de 2023: Nadal.

30 de xaneiro de 2024: Día da Paz.

9 de febreiro 2024: Entroido.

Do 22 de abril ata o 17 de maio de 2024: Mes das Letras.

Ademais cada ciclo ou aula ten programada unha saída por trimestre, que poderá variar en función das ofertas recibidas e das actividades a realizar en cada unha das aulas. Os pagos do transporte serán xestionados pola ANPA, así cada coordinador/a de ciclo encargárase de entregar os cartos da factura a pagar á ANPA. A ANPA subvenciona ao alumnado socio cunha cantidade asignada (3€) para unha saída ao longo do curso e 20 euros para cada alumno/a de 6º de primaria socio/a da AMPA.

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre
4º E.I.	Saída pola contorna	Saída pola contorna	Saída A Coruña
5º E.I.	Saída pola contorna	Saída pola contorna	Saída A Coruña
6º E.I.	Saída A Coruña	Saída pola provincia de Coruña	Saída pola C.A. de Galicia
1º E.P.	Concerto Coruña	Visita a un museo	Saída pola C.A. de Galicia
2º E.P.	Concerto Coruña	Visita a un museo	Saída pola C.A. de Galicia
3º E.P.	Saída á contorna	Visita á Domus	Saída a un centro de actividades
4º E.P.	Saída á contorna	Visita á Domus	Saída á un centro de actividades
5º E.P.	Saída pola provincia de Coruña	Saída a Santiago	Saída pola C.A. de Galicia



6º E.P.	Saída pola provincia de Coruña	Saída a Santiago	Camping "O Fieitáis" Catro días
---------	--------------------------------	------------------	------------------------------------

6.1.6. Equipo TAC

No presente **curso 2023/24**, o equipo de imaxe e Dinamización das Tecnoloxías da Aprendizaxe e da Comunicación queda integrado polos seguintes compoñentes:

- Belén García Varela (coordinadora equipo).
- Diana Martínez Bouzas (coordinadora do Plan dixital)
- Janice García Felípez.
- Cristina Cao Noya.
- Leandro Manuel Freire García.

Hoxe en día vivimos nunha sociedade moi cambiante, na que suceden grandes avances a nivel tecnolóxico e dixital. As novas xeracións, dende que nacen, medran rodeados de medios dixitais e tecnolóxicos que están o seu alcance e que, utilizan de forma sistemática, posto que están programados para un uso moi intuitivo e sinxelo. Maioritariamente teñen acceso a dispositivos móbiles, tabletas, televisión smart tv, conexión internet... Todo isto provoca que os cidadáns teñamos que adaptarnos rapidamente a estes cambios, o que supón aprender unha nova linguaxe dixital, comprender o funcionamento e o uso correcto destes aparellos, e entender o risco que isto supón.

A escola non debe desvincularse da sociedade á que pertence, polo que ten que constituírse como un espazo de innovación, de creación e ser un reflexo da sociedade, permitindo a todo o alumnado ó acceso ós medios dixitais, xa que a escola é un ente compensador de desigualdades.

As vantaxes de introducir estas tecnoloxías na escola son:

- Permiten a eliminación da brecha dixital entre as tecnoloxías utilizadas para aprender ou consultar con aquelas dirixidas ó tempo de lecer e de diversión.
- A escola ten que estar actualizada, a educación do pasado século nada ten que ver coa actual, vivimos nunha sociedade marcada por unha comunicación global directa e o uso das redes sociais.



- O alumnado ten un papel máis autónomo, dinámico e activo na súa aprendizaxe.
- Axuda na localización e procesamento da información, sendo unha aprendizaxe continua e funcional.
- Favorecen novas formas de aprendizaxes, adaptándose á grande diversidade de alumnado.
- Intercambio de experiencias e ideas, o que enriquece e motiva as aprendizaxes.
- Proporcionan ó alumnado ferramentas para aprender novas capacidades derivadas destas novas tecnoloxías.

Ao ter no centro unha biblioteca creativa, dotada de moitos medios dixitais e tecnolóxicos, é preciso que os cativos e o profesorado aprendan a utilizar cada un deles, favorecendo unha aprendizaxe funcional, creativa, individualizada e dinámica.

As **funcións** deste equipo son:

- o Dinamización de actividades relacionadas con:
 - Tablets e as aplicacións do Chroma, Realidade Aumentada, códigos Qr...
 - Impresión 3D
 - Escornabots, Beebot, Primo e Matatalab.
 - Stopmotion con Hue Animation
 - Mesa interactiva
 - Pantalla multitáctil
 - Makey makey
 - Mesa de luz
 - Placas Micro:bit
- o Coordinación co técnico informático.
- o Resolución de pequenos desaxustes informáticos
- o Apoio da partea técnica ó profesorado
- o Elaboración de manuais sinxelos de apoio ó profesorado e alumnado
- o Supervisión e mantemento do equipos e recursos
- o Leolab tecnolóxico: laboratorio de imaxe

Os obxectivos primordiais para este curso son:

- o Actualizar o Plan Dixital de Centro establecendo as medidas oportunas para cumprir cos obxectivos establecidos .



- Reorganizar a páxina corporativa en Agueiro, de forma que poidamos crear repositorios coa información, manuais, titoriais... sobre as ferramentas e recursos dixitais e tecnolóxicos dos que dispoñemos no centro.
- Conseguir un correcto funcionamento da Cricut Maker.
- Formacións específicas do profesorado e alumnado.

O noso **Plan de Traballo** estará dirixido en parte polas pautas establecidas no Plan Dixital de Centro, comezando pola realización dun repositorio de todo o material informático que dispoñe o centro e ademais, coa instalación das novas pantallas dixitais en todas as aulas, tamén faremos unha formación sobre o uso e o mellor aproveitamento das mesmas. Tamén realizaremos formación específicas para introdución das novas tecnoloxías nas programacións de aula e non como actividades illadas, entre outras formacións.

A elaboración do **Plan Dixital** a realizamos a través da plataforma *Educalidade* (pódese consultar no seguinte enlace: <https://www.edu.xunta.gal/educalidade/BuscaPlanAction?codPlan=1&codConvocatoria=132&codCentro=15026765>) , os obxectivos recollidos para este curso 2023-24 son os seguintes:

1. Formar en alfabetización en información (ALFIN) ao profesorado para integralo nas programacións.
2. Formar ao profesorado nas novas pantallas dixitais de aula.
3. Completar e organizar o repositorio dixital existente.
4. Inventariar e organizar os equipos informáticos.
5. Coñecer o uso que fai o alumnado das tecnoloxías e uso de redes sociais.
6. Mellorar a competencia dixital das familias.

6.1.7. Plan de benestar e convivencia de centro

O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.

O proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan de convivencia integrará o principio de



igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

➤ **Obxectivos específicos do plan de convivencia:**

1. Desenvolver unha intervención preventiva como medio para lograr un clima positivo de autoestima e confianza mutua, de empatía e tolerancia, esenciais para conseguir, entre todos, un marco de convivencia que faga innecesaria a adopción de medidas disciplinarias, priorizando a educación en valores entre os contidos do currículo.
2. Desenvolver no alumnado as habilidades relacionadas coa empatía e as habilidades sociais, con especial énfase na autoestima e na estima aos demais, e ensinarase ao alumnado a saber ter amigos, saber escoitar, saber manter a mirada, así como iniciar, manter e finalizar unha conversa, pedir as cousas con educación e por favor, dar as grazas ou saber recoñecer as calidades dos demais.
3. Formar ao profesorado, alumnado e familias en estratexias de resolución de conflitos cando sexa preciso.
4. Priorizar a resolución dos conflitos de xeito formativo mediante a negociación e o esforzo conxunto do profesorado e alumnado. Aprender a enfrontarse a eles seguindo o exemplo das persoas adultas e, ao mesmo tempo, por medio dun adestramento sistemático: expresando, escoitando e negociando para chegar a acordos satisfactorios.
5. Practicar unha metodoloxía participativa na que o alumnado sexa protagonista e que inclúa o traballo cooperativo, as dinámicas de grupo, as asembleas de clase...
6. Diante dos problemas de conduta do alumnado seguiranse uns principios de actuación coherente que orienten as intervencións de todos os profesores, evitando contradicións que desorienten aos alumnos.
7. Utilizar as medidas punitivas como último recurso para solucionar os problemas de convivencia, e só cando as estratexias motivacionais e educativas non dean resultado ou a non intervención poida xerar males maiores. Nese caso farase coa maior prontitude e seguindo os protocolos establecidos.



8. Fomentar a implicación das familias na prevención e resolución de conflitos.
- Descrición das **actuacións**, das medidas ou dos programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entre outras. Entre as actuacións, as medidas ou os programas que se poden desenvolver para favorecer a convivencia enuméranse os seguintes:
- a) Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación. Debe considerarse, especialmente, a organización do centro e da aula; a coordinación das actuacións docentes; a programación e desenvolvemento do currículo; as estratexias metodolóxicas; a avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente; e as actividades complementarias e extraescolares.
 - b) Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, incluída a formación co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
 - c) Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia, incluíndo a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá.
 - d) Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar, que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:
 - i. Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.
 - ii. Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.
 - iii. Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórllle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación, pola persoa titular da dirección do centro, dunha persoa responsable da atención á vítima de entre o persoal do propio centro docente. Esta designación



procurarase que, cando sexa posible, recaia sobre unha persoa con que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

- iv. Medidas que se poden aplicar no centro para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos que poidan xurdir, entre as cales se incluírán os compromisos de convivencia, as actuacións preventivas e que contribúan á detección da conflictividade e a conciliación ou mediación na resolución dos conflitos que puidesen xurdir.
 - v. Medidas ou programas específicos para promover a convivencia no centro, que fomenten o diálogo, a corresponsabilidade e a cultura de paz.
 - vi. O protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño. Seguirase o Protocolo de acoso escolar establecido pola Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- **Concreción**, en cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución.

Acoso entre iguais:

1º Poñelo en coñecemento do profesor titor, orientador ou equipo directivo, estes recadarán mais información.

2º Tomar as medidas que se consideren oportunas:

- Apoio ao alumno afectado por parte do profesorado e dos compañeiros.
- Prevención (espazos, tempo) para que non se poida repetir o acoso.
- Aplicación R.R.I. ó agresor e programas de modificación de conduta.
- Cos espectadores: charla no grupo clase, recadar información sobre frecuencia, tipo, lugar do acoso, etc.

3º Información ás familias (víctima, agresor):

- Cos pais da vítima: nesta entrevista informarase sobre os feitos que se investigan e sobre as modalidades preventivas adoptadas e as medidas correctoras e paliativas que se poderían derivar.



- Cos pais do agresor/a: información da situación, sobre a acusación sobre as evidencias.....as medidas correctoras que se poderían derivar, etc. Manifestaráselle aos pais a preocupación e o interese dos mestres/as por axudar aos alumnos a que establezan relacións sociais axeitadas e solicitarase a colaboración familiar para acadar este obxectivo.

Para evitar a violencia, o acoso escolar é convinte coñecer a estrutura social dos alumnos dentro da clase, e así saber os subgrupos que se forman, os lideres ou os alumnos rexeitados.

O noso obxectivo, coma profesorado que imparte clase a ese grupo (o que implica unha estreita coordinación entre todos) sería integrar no grupo-clase a eses alumnos/as rexeitados.

É aconsellable para coñecer de xeito explícito as relacións entre os alumnos dunha determinada clase, realizar un só Sociograma en cada curso escolar e preferiblemente no 3º e 4º mes do curso (novembro, decembro).

Tratamento dos participantes nun acoso:

1 *Para as vítimas:*

- Acompañamento e protección por parte do profesorado, compañeiros.
- Recuperación da autoestima.
- Técnicas de relaxación e control da angustia.

2 *Para os agresores:*

- Adestramento en habilidades sociais.
- Técnicas de control da impulsividade e da agresividade.

3 *Para as familias*

- Formación e asesoramento ás familias de métodos e técnicas a levar a cabo.

Unha conduta disruptiva:

1. Falar co alumno/a intentando que comprendan os efectos negativos da súa conduta tanto para si mesmo coma para o resto de alumnos e profesor.
2. Apartar ó alumno do seu asento na aula e ubicalo nun recuncho (durante un breve espazo de tempo) para que reflexione sobre a súa conduta inadecuada. (cadeira de pensar)



3. Non deixarlle ir ao recreo ou que non poida realizar algunha actividade que lle guste.
4. Un sistema de puntos/fichas (economía de fichas): o neno terá que gañar unha serie de puntos para conseguir...(algo que ambicione e sexa razoable).

Absentismo escolar:

- Control de asistencia diaria.
- Tres días ou 15 horas sen xustificar.
- Entrevista familiar.
- Persistencia do absentismo e/ou falta de colaboración familiar.
- Traslado de toda a información a Orientación.
- Persistencia do absentismo e falla de colaboración familiar.

- a) **Normas de convivencia do centro, coa concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa, así como un protocolo que contribúa á detección ou ao incumprimento destas.**

As normas de convivencia, terán como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.

En particular, as normas de convivencia de cada centro docente concretarán os dereitos e deberes do alumnado, establecerán as condutas contrarias á convivencia e as correccións que lle correspondan polo seu incumprimento, de acordo co previsto na Lei 4/2011 e o decreto 8/ 2015.

Poderán incluír previsións sobre a vestimenta do alumnado no centro docente ou a maneira de presentarse neste, orientadas a garantir que non atenten contra a súa dignidade, non supoñan unha discriminación por razón de sexo ou un risco para a súa saúde ou integridade persoal, e a dos demais membros da comunidade educativa, ou non impidan ou dificulten a normal participación do alumnado nas actividades educativas.

Así mesmo, prohibese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. Excepcionalmente, poderanse establecer normas para a correcta utilización como ferramenta pedagóxica.



- b) Establecemento das **condutas contrarias á convivencia** e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán, de conformidade co establecido no decreto 8/2015 en desenvolvemento da Lei 4/2011 e demais normativa que sexa de aplicación

As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

- a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
b) Condutas leves contrarias á convivencia.

Ditas condutas seguirán as normas de corrección segundo se establece no Decreto 8/2015.

- c) As **normas específicas** para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación e, de ser o caso, da aula de convivencia inclusiva ou da escola de nais e pais.

Seguiranse as directrices marcadas en este texto no punto axentes responsables da convivencia.

- d) Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno**

As relacións do profesorado coas familias son boas, implicándose estas nas propostas que se realizan, fundamentalmente a través das reunións nas titorías. Obsérvase que os pais, debido aos horarios de traballo e aos costumes sociais, teñen unha menor participación na vida escolar dos seus fillos e fillas. As familias deben coñecer as normas que se aplican no colexio e reforzalas na casa.

O noso alumnado coñece as normas, pero a algúns é necesario mostrarlles como actuar e resolver os conflitos e para iso é imprescindible a implicación das familias. É necesario mostrar ás familias ferramentas que contribúan á educación dos seus fillos e fillas, especialmente nos casos con máis dificultades.

Nalgúns casos será necesario realizar un traballo especial con algunhas familias, para facilitarlles o apoio, axuda e orientación que deben ofrecer aos seus fillos e fillas. Nestes casos, pódese contar coa colaboración dos Servizos Sociais do concello.



e) Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia

O equipo directivo dos centros docentes levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa.

g) Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia

O equipo directivo dos centros docentes garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

A comisión de convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O consello escolar, en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

Aos servizos de Inspección Educativa correspóndelles supervisar a elaboración, o desenvolvemento e a avaliación do plan de convivencia do centro, así como prestar o asesoramento necesario para tales fins.

h) Recursos

Os recursos cos que se contará para levar adiante este Plan son:

- Profesorado – titor.
- Familias.
- Equipo docente, alumnado, equipo directivo, departamento de orientación., claustro, consello escolar
- Organismos externos o centro.
- P.A.D.
- R.R.I.
- P.X.A.
- Programacións didácticas
- Comisión de coordinación pedagóxica
- Comisión de convivencia.
- Comunidade educativa .



6.2. Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente

No centro dispoñemos do seguinte persoal non docente:

- Conserxe: cumpre as súas funcións en horario de 8:30- 14:00h e de 16:00-18:00h.
- ATE: a cuidadora atenderá ó alumnado establecido no seu horario de 8:40-14:10h.

7. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

Despois da votación levada a cabo no curso 2014-2015, implántase no centro a xornada única de mañá. No curso 2019-2020 conseguimos a unificación do horario, polo que a xornada lectiva será de luns a venres de **9:00h a 14:00h** de setembro a xuño.

Atendendo a *Orde do 26 de maio de 2023* e ao *Decreto 155/2022, do 15 de setembro* ambos regulan a incorporación dun tempo diario de lectura e práctica da oratoria, que serán de 25 minutos diarios despois do recreo incorporándose as áreas de lingua castelana e lingua galega.

SESIÓNS	TEMPO
1ª	de 09:00 a 09:50 h.
2ª	de 09:50 a 10:40 h.
3ª	de 10:40 a 11:30 h.
RECREO*	de 11:30 a 11:55 h.
Hora de ler	de 11:55 a 12:20 h.
4ª	de 12:20 a 13:10 h.
5ª	de 13:10 a 14:00 h.

*O recreo de E. Infantil será de 11:05 a 11:30 h.

As gardas de custodia de transporte fanse 20 minutos antes da entrada e 10 minutos á saída.

Ademais do horario lectivo anterior, o profesorado permanece no centro os luns de 16:00 a 19:00. De 16:00 a 17:00 para atender ás familias e de 17:00 a 19:00 para asistir ás reunións establecidas ou traballo persoal.

De martes a venres o profesorado fai gardas de biblioteca de 16:00 a 18:00. Durante todo o curso será un só docente o que quede na biblioteca xa que polas tardes estará



tamén o conserxe, sendo este o encargado de atender ás entradas e ás saídas. As quendas para as gardas de tarde son rotatorias e quedan establecidas nos Anexos.

7.1 Calendario Escolar

C.E.I.P. Milladoiro - Curso 2023/2024																																																																																																													
Setembro 2023	Outubro 2023	Novembro 2023																																																																																																											
<table border="1"> <tr><td></td><td></td><td></td><td>1</td><td>2</td><td>3</td></tr> <tr><td>4</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td><td>8</td><td>9</td></tr> <tr><td>10</td><td>11</td><td>12</td><td>13</td><td>14</td><td>15</td></tr> <tr><td>16</td><td>17</td><td>18</td><td>19</td><td>20</td><td>21</td></tr> <tr><td>22</td><td>23</td><td>24</td><td>25</td><td>26</td><td>27</td></tr> <tr><td>28</td><td>29</td><td>30</td><td></td><td></td><td></td></tr> </table>				1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30				<table border="1"> <tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td>1</td></tr> <tr><td>2</td><td>3</td><td>4</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td></tr> <tr><td>8</td><td>9</td><td>10</td><td>11</td><td>12</td><td>13</td></tr> <tr><td>14</td><td>15</td><td>16</td><td>17</td><td>18</td><td>19</td></tr> <tr><td>20</td><td>21</td><td>22</td><td>23</td><td>24</td><td>25</td></tr> <tr><td>26</td><td>27</td><td>28</td><td>29</td><td>30</td><td>31</td></tr> </table>						1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	<table border="1"> <tr><td></td><td></td><td>1</td><td>2</td><td>3</td><td>4</td><td>5</td></tr> <tr><td>6</td><td>7</td><td>8</td><td>9</td><td>10</td><td>11</td><td>12</td></tr> <tr><td>13</td><td>14</td><td>15</td><td>16</td><td>17</td><td>18</td><td>19</td></tr> <tr><td>20</td><td>21</td><td>22</td><td>23</td><td>24</td><td>25</td><td>26</td></tr> <tr><td>27</td><td>28</td><td>29</td><td>30</td><td></td><td></td><td></td></tr> </table>			1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30			
			1	2	3																																																																																																								
4	5	6	7	8	9																																																																																																								
10	11	12	13	14	15																																																																																																								
16	17	18	19	20	21																																																																																																								
22	23	24	25	26	27																																																																																																								
28	29	30																																																																																																											
					1																																																																																																								
2	3	4	5	6	7																																																																																																								
8	9	10	11	12	13																																																																																																								
14	15	16	17	18	19																																																																																																								
20	21	22	23	24	25																																																																																																								
26	27	28	29	30	31																																																																																																								
		1	2	3	4	5																																																																																																							
6	7	8	9	10	11	12																																																																																																							
13	14	15	16	17	18	19																																																																																																							
20	21	22	23	24	25	26																																																																																																							
27	28	29	30																																																																																																										
Decembro 2023	Xaneiro 2024	Febreiro 2024																																																																																																											
<table border="1"> <tr><td></td><td></td><td></td><td>1</td><td>2</td><td>3</td></tr> <tr><td>4</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td><td>8</td><td>9</td></tr> <tr><td>10</td><td>11</td><td>12</td><td>13</td><td>14</td><td>15</td></tr> <tr><td>16</td><td>17</td><td>18</td><td>19</td><td>20</td><td>21</td></tr> <tr><td>22</td><td>23</td><td>24</td><td>25</td><td>26</td><td>27</td></tr> <tr><td>28</td><td>29</td><td>30</td><td>31</td><td></td><td></td></tr> </table>				1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31			<table border="1"> <tr><td>1</td><td>2</td><td>3</td><td>4</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td></tr> <tr><td>8</td><td>9</td><td>10</td><td>11</td><td>12</td><td>13</td><td>14</td></tr> <tr><td>15</td><td>16</td><td>17</td><td>18</td><td>19</td><td>20</td><td>21</td></tr> <tr><td>22</td><td>23</td><td>24</td><td>25</td><td>26</td><td>27</td><td>28</td></tr> <tr><td>29</td><td>30</td><td>31</td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr> </table>	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31					<table border="1"> <tr><td></td><td></td><td></td><td>1</td><td>2</td><td>3</td><td>4</td></tr> <tr><td>5</td><td>6</td><td>7</td><td>8</td><td>9</td><td>10</td><td>11</td></tr> <tr><td>12</td><td>13</td><td>14</td><td>15</td><td>16</td><td>17</td><td>18</td></tr> <tr><td>19</td><td>20</td><td>21</td><td>22</td><td>23</td><td>24</td><td>25</td></tr> <tr><td>26</td><td>27</td><td>28</td><td>29</td><td></td><td></td><td></td></tr> </table>				1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29				
			1	2	3																																																																																																								
4	5	6	7	8	9																																																																																																								
10	11	12	13	14	15																																																																																																								
16	17	18	19	20	21																																																																																																								
22	23	24	25	26	27																																																																																																								
28	29	30	31																																																																																																										
1	2	3	4	5	6	7																																																																																																							
8	9	10	11	12	13	14																																																																																																							
15	16	17	18	19	20	21																																																																																																							
22	23	24	25	26	27	28																																																																																																							
29	30	31																																																																																																											
			1	2	3	4																																																																																																							
5	6	7	8	9	10	11																																																																																																							
12	13	14	15	16	17	18																																																																																																							
19	20	21	22	23	24	25																																																																																																							
26	27	28	29																																																																																																										
Marzo 2024	Abril 2024	Maio 2024																																																																																																											
<table border="1"> <tr><td></td><td></td><td></td><td>1</td><td>2</td><td>3</td></tr> <tr><td>4</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td><td>8</td><td>9</td></tr> <tr><td>10</td><td>11</td><td>12</td><td>13</td><td>14</td><td>15</td></tr> <tr><td>16</td><td>17</td><td>18</td><td>19</td><td>20</td><td>21</td></tr> <tr><td>22</td><td>23</td><td>24</td><td>25</td><td>26</td><td>27</td></tr> <tr><td>28</td><td>29</td><td>30</td><td>31</td><td></td><td></td></tr> </table>				1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31			<table border="1"> <tr><td>1</td><td>2</td><td>3</td><td>4</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td></tr> <tr><td>8</td><td>9</td><td>10</td><td>11</td><td>12</td><td>13</td><td>14</td></tr> <tr><td>15</td><td>16</td><td>17</td><td>18</td><td>19</td><td>20</td><td>21</td></tr> <tr><td>22</td><td>23</td><td>24</td><td>25</td><td>26</td><td>27</td><td>28</td></tr> <tr><td>29</td><td>30</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr> </table>	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30						<table border="1"> <tr><td></td><td></td><td>1</td><td>2</td><td>3</td><td>4</td><td>5</td></tr> <tr><td>6</td><td>7</td><td>8</td><td>9</td><td>10</td><td>11</td><td>12</td></tr> <tr><td>13</td><td>14</td><td>15</td><td>16</td><td>17</td><td>18</td><td>19</td></tr> <tr><td>20</td><td>21</td><td>22</td><td>23</td><td>24</td><td>25</td><td>26</td></tr> <tr><td>27</td><td>28</td><td>29</td><td>30</td><td>31</td><td></td><td></td></tr> </table>			1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31			
			1	2	3																																																																																																								
4	5	6	7	8	9																																																																																																								
10	11	12	13	14	15																																																																																																								
16	17	18	19	20	21																																																																																																								
22	23	24	25	26	27																																																																																																								
28	29	30	31																																																																																																										
1	2	3	4	5	6	7																																																																																																							
8	9	10	11	12	13	14																																																																																																							
15	16	17	18	19	20	21																																																																																																							
22	23	24	25	26	27	28																																																																																																							
29	30																																																																																																												
		1	2	3	4	5																																																																																																							
6	7	8	9	10	11	12																																																																																																							
13	14	15	16	17	18	19																																																																																																							
20	21	22	23	24	25	26																																																																																																							
27	28	29	30	31																																																																																																									
Xuño 2024																																																																																																													
<table border="1"> <tr><td></td><td></td><td></td><td>1</td><td>2</td><td></td></tr> <tr><td>3</td><td>4</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td><td>8</td></tr> <tr><td>9</td><td>10</td><td>11</td><td>12</td><td>13</td><td>14</td></tr> <tr><td>15</td><td>16</td><td>17</td><td>18</td><td>19</td><td>20</td></tr> <tr><td>21</td><td>22</td><td>23</td><td>24</td><td>25</td><td>26</td></tr> <tr><td>27</td><td>28</td><td>29</td><td>30</td><td>31</td><td></td></tr> </table>				1	2		3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31																																																																										
			1	2																																																																																																									
3	4	5	6	7	8																																																																																																								
9	10	11	12	13	14																																																																																																								
15	16	17	18	19	20																																																																																																								
21	22	23	24	25	26																																																																																																								
27	28	29	30	31																																																																																																									
Inicio / Fin do curso 2023-24 Festivos / Vacacións 12 outubro, 1 novembro, 6 e 8 decembro, 22-27 xaneiro, 12-13-14 febreiro, 25 marzo-1 abril, 1 maio, 17 maio Día do Ensino: 7 de decembro Días non lectivos: escollidos polo Claustro Celebracións: Semanado 25 ao 27 de outubro Lecturas Teoríficas (Samain) e Magosto (3 de novembro) Nadal: 21 de decembro. Día da Paz: 30 de xaneiro. Entroido: 9 de febreiro. Día de Rosalía: 28 de febreiro. Diada Muller Traballadora: 8 de marzo. Mes das Letras do 22 de abril ao 16 de maio. Día do Medio Ambiente: 5 de xuño.																																																																																																													

7.2 Horarios Xerais

7.2.1 Horario de atención do Equipo Directivo

DIRECTORA: Sandra Cao Álvarez

XEFA DE ESTUDOS: Uxía Arias Rodríguez

SECRETARIA: Susana Álvarez Mato



	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 09:50	DIRECTORA	XEFA DE ESTUDOS		DIRECTORA	DIRECTORA/ XEFA DE ESTUDOS
09:50 10:40	XEFA DE ESTUDOS	SECRETARIA	XEFA DE ESTUDOS/ SECRETARIA	XEFA DE ESTUDOS	
10:40 11:30	SECRETARIA		DIRECTORA		
R E C R E O					
12:20 13.10		DIRECTORA		SECRETARIA	
13:10 14:00		DIRECTORA		DIRECTORA	SECRETARIA/ DIRECTORA

7.2.2 Horario da Biblioteca/Leolab

Fóra do horario das quendas establecidas, de querer utilizar este espazo, temos que coordinarnos co resto dos compañeiros.

Durante os recreos asistirán os colaboradores de biblioteca e o alumnado poderá realizar o empréstimo de libros así como a utilización do espazo maker. Os mércores, durante o recreo e a hora de ler, levarase a cabo a formación dentro do proxecto **Educatribo**, a través do cal tanto alumnado como as familias poden desenvolver un obradoiro sobre temáticas diversas para formar ós compañeiros que se anotarán libremente nas formacións que máis lles interese. Ademais, na actividade "Hoxe Le..." e dentro de Educatribo as familias que así o desexen poderán participar lendo para o alumnado.

O horario do uso da Biblioteca é o seguinte:

HORARIO BIBLIOTECA - Curso 2023/24

SESIONS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª				6º EI	
2ª	4º E.P.	6º EP	4º E.I.		5º EI
3ª				6º E.I.	
Recreo 1 EI					
Recreo 2	Fátima Óscar	Fátima Sandra	RETOS/ FORMACIÓN EDUCATRIBU Fátima Ánu	Janina Uxia	Fátima Mª Jesús
Hora de ler	Hoxe le... 1º E.P.	Hoxe le... 6º EI	RETOS/ FORMACIÓN EDUCATRIBU	Hoxe le... 6º E.I. Hoxe le... 4º EI (aula)	Hoxe le... 1º/2º EP
4ª	3º E.P.	1º/2º EP	Laboratorios	6º E.P.	1º E.P.
5ª				5º E.P.	

7.2.3 Quendas de recreo

Recreo Educación Infantil:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Diana Montse	Janice Cristina	Janice Dora	Diana Dora	Óscar Carmen

Recreo Educación Primaria

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Pedro Javier Uxía	Pedro Susana Leandro	Sandra Carmen Belén	Susana Javier Rebeca	Ana Belén Leandro

Recreo de Biblioteca:



LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Fátima Óscar	Fátima Sandra	Fátima Ana	Fátima Uxía	Fátima M ^o Jesús

7.3. Días non lectivos exclusivos do centro

Ao coincidir os festivos locais en días non lectivos, os días escollidos polo Claustro e esperando a aprobación do Consello Escolar como días propios do centro son:

- 13 de outubro de 2023
- 20 de maio de 2024

7.4. Días con horario especial

Por tratarse de datas cun significado especial para a convivencia na comunidade educativa, suspenderanse os servizos de comedor e actividades de biblioteca os seguintes días:

- 21 de decembro (fin do primeiro trimestre)
- 9 de febreiro (venres de Entroido)
- 21 de xuño (fin de curso)

8. LIBROS E MATERIAIS CURRICULARES

EDUCACIÓN INFANTIL

En Educación Infantil o resto de áreas traballaranse por proxectos.

CURSO	ÁREA /MATERIA	TÍTULO, EDITORIAL, ANO DE PUBLICACIÓN E ISBN	LINGUA DA EDICIÓN
4 ^o Ed. Inf. (3 anos)	Lingua Inglesa	DAISY, ROBIN AND ME GREEN CB PK STARTER Ed. Oxford University Press Ano 2015 ISBN: 9780194806626	Inglés



5º Ed. Inf. (4 anos)	Lingua Inglesa	DAISY, ROBIN AND ME GREEN CB PK CD A Ed. Oxford University Press Ano 2015 ISBN: 9780194806435	Inglés
6º Ed. Inf. (5 anos)	Lingua Inglesa	DAISY, ROBIN AND ME GREEN CB PK CD B Ed. Oxford University Press Ano 2015 ISBN: 9780194806534	Inglés

EDUCACIÓN PRIMARIA

Teremos en conta que o alumnado de 5º e 6º de primaria conta co plan de libros dixitais de E-Dixgal, agás en lingua estranxeira que empregarán o activity book.

CURSO	MATERIA	TÍTULO, ISBN, EDITORIAL	LINGUA DA EDICIÓN
1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA	Lingua Inglesa	<u>All About Us Now 1</u> <u>Activity book with Digital Book</u> ISBN 9780194074292 <u>All About Us Now 1</u> <u>Class book with Digital Book</u> ISBN 9780194074223 Ed. Oxford	Inglés

CURSO	MATERIA	TÍTULO, ISBN, EDITORIAL	LINGUA DA EDICIÓN
2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA	Lingua Inglesa	<u>All About Us Now 2</u> <u>Activity book with Digital Book</u> ISBN: 9780194074506 <u>All About Us Now 2</u> <u>Class book with Digital Book</u> ISBN: 9780194074438 Ed. Oxford University Press	Inglés



CURSO	ÁREA /MATERIA	TÍTULO, EDITORIAL, ANO DE PUBLICACIÓN E ISBN	LINGUA DA EDICIÓN
3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA	Matemáticas	Matemáticas 3 Ed. Anaya ISBN: 978-84-698-9961-8	Castelán
	Ciencias Sociais	CC Sociais 3. Galicia Ed. Anaya ISBN: 978-84-143-0127-2	Galego
	Ciencias Naturais	CC da Natureza 3. GAL ISBN: 978-84-143-0031-2	Galego
	Lingua Inglesa	All About Us Now 3- Class Book with Digital Book ISBN: 978-01-940-7465-0 All About Us Now 3 Activity Book + ALK with Digital Book ISBN: 978-01-940-7384-4 Ed. Oxford.	Inglés

CURSO	ÁREA /MATERIA	TÍTULO, EDITORIAL, ANO DE PUBLICACIÓN E ISBN	LINGUA DA EDICIÓN
4º	Matemáticas	Construyendo Mundos Ed. Santillana ISBN: 978-84-144-0769-1	Castelán
	Ciencias Sociais	Construíndo Mundos Ed. Obradoiro ISBN: 978-84-9185-698-6	Galego



DE EDUCACIÓN PRIMARIA	Ciencias Naturais	Construíndo Mundos Ed. Obradoiro ISBN: 978-84-9185-692-4	Galego
	Lingua Inglesa	All About Us Now 4- Class Book with Digital Book ISBN: 978-01-940-7480-3 All About Us Now 4 Activity Book + ALK with Digital Book ISBN: 978-01-940-7390-5 Ed. Oxford. University Press	Inglés

CURSO	ÁREA /MATERIA	TÍTULO, EDITORIAL, ANO DE PUBLICACIÓN E ISBN	LINGUA DA EDICIÓN
5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA Aula E- dixgal	Lingua Inglesa	All About Us Now 5 Activity Book + ALK with Digital Book ISBN: 978-01-940-7396-7 Ed. Oxford. University Press	Inglés

CURSO	ÁREA /MATERIA	TÍTULO, EDITORIAL, ANO DE PUBLICACIÓN E ISBN	LINGUA DA EDICIÓN
6º E.P. Aula E- Dixgal	Lingua Inglesa	All About Us Now 6 Activity Book + ALK with Digital Book ISBN: 978-01-940-7402-5 Ed. Oxford. University Press	Inglés



9. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

9.1 Transporte Escolar

O cambio de horario escolar votado no curso 2014/15 para implantar a xornada única conlevou un cambio nos servizo de transporte.

Hai catro liñas de transporte:

Liña 1: Malpica (de 3º a 6º de primaria).

Liña 2: Malpica (E. Infantil, 1º e 2º de Primaria).

Liña 3: Mens, Barizo, Beo e Pontella.

Liña 4: As Pozacas (Cerqueda, Lorocho, O Ceán, Seaia e Santirso).

O alumnado cubre a principio de curso, nos documentos que se lle entregan ás familias, un papel no que indica a súa liña de bus, parada e persoas con permiso para recollelos. As acompañantes dos buses recollerán ao alumnado de Infantil na cancela principal. O profesorado que teña clase a última hora en cada titoría, debe estar pendente os primeiros días para solucionar os problemas que poida xurdir.

Hai que lembrarles aos nenos as normas de seguridade vial con respecto ás subidas e baixadas do autobús, e a obrigatoriedade de entrar no recinto escolar tan pronto como cheguen. Se algún neno que, debendo coller o autobús, non o fai, debe presentar o correspondente permiso dos pais ou titores.

Toda variación no servizo de transporte hai que solicitala en Dirección. É obrigatorio informar por escrito ao titor/a de toda variación no servizo de transporte como no de comedor.

O Centro é responsable dos alumnos/as no horario lectivo e os mestres de garda son os encargados da custodia do alumnado dende a chegada do transporte ata a súa marcha. O transporte entregará os alumnos a aquelas persoas acreditadas para recollelos, do contrario volverá con eles ao Centro e, de repetirse, tomará medidas e informará os Servizos Sociais do Concello.



9.2 Comedor Escolar

Resumo do Regulamento da organización do comedor escolar, aprobado en Consello escolar en xuño de 2015:

Artigo 1º. - Regulación e características do servizo.

1.- Regulación:

O servizo de comedor escolar converteuse na sociedade actual nunha demanda familiar de primeira orde.

O comedor escolar inflúe positivamente no proceso educativo, en canto potencia o desenvolvemento de hábitos e actitudes de convivencia, colaboración e hixiene, construíndo así á formación integral do alumnado.

O comedor escolar do CEIP Milladoiro é un servizo público cuxa titularidade corresponde á Consellería de Educación e, polo tanto, réxese polas normas xurídicas e administrativas das que a Consellería dispón ao respecto.

2. Características xerais do servizo:

- É de uso voluntario.
- Pretende axudar ás familias e apoialas na atención dos seus fillos, así como facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.
- Pretende formar o alumnado para as tarefas da vida diaria, a educación para a saúde e o consumo, así coma na educación para a convivencia e para o tempo libre.
- Servizo de comedor escolar forma parte das actividades de carácter educativo nas que o alumnado pode participar no centro escolar. Con este punto de partida merece un tratamento idéntico a calquera outra actividade que teña lugar no mesmo.

Artigo 2º. -Destinatarios.

O servizo de comedor está destinado ao alumnado de educación infantil e primaria do CEIP Milladoiro sen prexuízo da súa ampliación a outros centros públicos, do mesmo nivel educativo, do Concello.



O número de comensais dependerá das prazas asignadas ao noso centro pola CEOU, así coma polo aforo do local destinado a tal efecto. No curso 2023/24 temos concedidas 45 prazas, incluída a do mestre vixiante.

Artigo 3º. -Persoal.

O servizo é asignado en modo de concesión pola CEOU nos termos que considere oportunos.

O persoal de atención directa aos comensais é proporcionado pola empresa concesionaria debendo reunir, en calquera caso, as condicións profesionais indicadas na normativa vixente tanto na preparación profesional coma nas funcións a desenvolver.

Son funcións do persoal de servizo:

- 3.1. Organizar a preparación das mesas e utensilios precisos para levar a cabo o servizo.
- 3.2. Atender e custodiar ao alumnado entre as 14:00 h. e as 16:00 h.
- 3.3. Vixiar que os nenos/as deixen as súas pertenzas de forma correcta nos lugares destinados a tal fin.
- 3.4. Asignar aos comensais o sitio que lles corresponda na mesa e instruílos para que o recollan e limpen cando terminen de comer, segundo as súas capacidades e idades.
- 3.5. Reprender no seu comportamento a aqueles comensais que non se comporten dun xeito apropiado. Segundo os casos e frecuencia da infracción, o persoal de comedor poderá dirixirse ao infractor da norma e convidarao a saír ao exterior do recinto, amoestándoo fóra da presenza do resto de comensais.
- 3.6. Desta actuación deixará constancia escrita a modo de incidencia para a súa posterior comunicación á Dirección do centro.
- 3.7. Vixiar e instruír para o mantemento da orde durante a prestación do servizo así coma no correcto uso do enxoval de mesa, da manipulación dos alimentos e das normas de educación na mesa.
- 3.8. Atender a axeitada hixiene dos comensais antes e despois das comidas.
- 3.9. Motivar, controlar e supervisar a alimentación dos alumnos/as e instruílos na adopción de hábitos alimenticios saudables, así coma da na adopción de hábitos sociais e de convivencia correctos, conservación de instalacións, material e mobiliario.
- 3.10. Acompañar e entregar ao alumnado ao seu cargo de acordo coas instrucións dadas polas familias sobre as persoas autorizadas para acompañalos, non deixando en



situación de desamparo a ningún alumno/a e, de ser necesario, acudir á Dirección do centro para solucionar o problema.

3.11. Informar ás familias de palabra e no momento da entrega de calquera incidencia que considere relevante relativa á comida diaria do seu fillo/a.

3.12. Cumprir e facer cumprir as normas do centro e o presente regulamento.

Artigo 4º. – Solicitude, prazo e lugar de presentación

- As solicitudes de prazas para comensais rexeranse pola convocatoria anual da CEOU.
- A adxudicación definitiva será resolta polo Consello Escolar unha vez estudadas tódalas solicitudes e a documentación presentada polos solicitantes.
- Para esta adxudicación será de aplicación, unha vez ordenados os solicitantes segundo as normas ditadas pola CEOU, e en caso de igualdade de condicións, a lexislación anual de Administración Pública no relativo a sorteos.
- No caso de que os solicitantes superen o número de prazas concedidas, O Consello Escolar do centro solicitará da administración educativa a concesión de tantas coma solicitantes, sempre e cando non se supere o aforo do local destinado ao efecto.
- As familias que, unha vez adxudicada a praza, desexen dar ao seu fillo/a de baixa deberán comunicalo á Dirección do centro asinando a pertinente renuncia escrita na que se indicará o día no que o neno/a deixará de usar o servizo.

Artigo 5º. – Xestión do servizo

A xestión do servizo é adxudicada directamente pola CEOU, neste caso á empresa Jardanay, que comezou no presente curso.

A Dirección do centro é a encargada de velar polo correcto funcionamento do servizo, tanto no relativo aos menús, coma ao persoal e, en xeral, ao cumprimento das normas que rexen este servizo complementario.

Calquera incidencia será tratada entre a empresa adxudicataria e a Dirección do centro, salvo aquelas que afecten ás condicións de contrato do persoal que son de competencia exclusiva das partes asinantes do contrato. A Dirección do centro, e no seu caso o Consello Escolar, comunicarán á Xefatura Territorial e/ou á Inspección Educativa, que son a parte contratante, aquelas incidencias que considere afectan ás condicións nas que foi asinado o contrato entre partes.



Artigo 6º. – Obxectivos

O Servizo de Comedor Escolar é un servizo educativo complementario que debe atender á consecución de diferentes obxectivos relacionados con:

- Educación para a saúde: obxectivos dirixidos á desenvolver hábitos persoais de hixiene, boa alimentación, uso axeitado dos utensilios, a inxesta de todo tipo de alimentos...
- Educación para a convivencia: obxectivos relacionados co saber relacionarse no comedor escolar, adoptando actitudes de cooperación co resto de comensais e persoal auxiliar, colaborando na creación dun ambiente distendido e respectuoso...
- Educación para o ocio: obxectivos relacionados coa creación e planificación do tempo de lecer en colaboración co resto de axentes sociais...
- Conciliación da vida laboral e familiar: obxectivos relacionados coa axuda para a conciliación das necesidades familiares e educativas que impón a forma de vida laboral actual.

Artigo 7º. – Normas Xerais de funcionamento do Servizo

7.1. O período de funcionamento do servizo, será o fixado pola CEOU para a duración do curso escolar.

7.2. O número máximo de prazas de comedor virá determinadas en cada momento pola capacidade física do local que se dedica a tal fin.

7.3. O horario do comedor escolar será de 14:00 h. a 16:00 h. de luns a venres, excepto festivos.

Non se desenvolverá o servizo nos períodos vacacionais de Semana Santa, Nadal, vacacións de verán e aqueles días declarados non lectivos pola CEOU.

Durante o período de funcionamento do servizo o alumnado será atendido polas persoas designadas pola empresa adxudicataria que serán as encargadas de atendelos no horario previsto.

7.4. O alumnado non poderá saír do recinto establecido en cada caso durante o período de comedor, salvo comunicación por escrito dos seus pais e mediante persoa responsable que se faga cargo do alumno.

7.5. O menú será único para todos os comensais, salvando os casos de dietas especiais por alerxias alimentarias ou outros supostos, que serán comunicadas á empresa prestadora do servizo e fará chegar os menús extraordinarios precisos.

A estes efectos, as familias presentarán ante a Dirección do centro a certificación médica correspondente

7.6. En ningún caso se administrarán medicamentos aos nenos que asisten ao comedor. Igualmente, nunca deberán entregar medicamentos aos nenos. En caso necesario arbitrase o xeito de que as familias poidan acceder ao comedor para administrarlles os medicamentos.

7.7. Todos os meses entregarase ás familias a folla informativa co menú diario co obxectivo de facilitarlles a elaboración da dieta completa dos seus fillos e fillas, completando o resto de comidas diarias de xeito equilibrado.

O menú indicado pola empresa adxudicataria será servido aos comensais sen máis alteracións que as que introduza a propia empresa.

Excepción ao anterior será o aliño das ensaladas que será engadido polo persoal de comedor no momento de servilas. Por este motivo, no comedor non haberá ningún outro ingrediente culinario.

7.8. Cada neno disporá dunha bolsa de aseo con cremalleira na que depositará os útiles para o cepillado e hixiene dos dentes.

7.9. Todos os nenos deben respectar as normas de funcionamento e de convivencia: aseo, entrada ao comedor, conduta e hábitos de comida.

7.10. O incumprimento por parte dos alumnos das normas de funcionamento e de convivencia do comedor, pode chegar a supoñer a baixa no servizo de forma temporal ou definitiva.

7.11. A Dirección do centro exercerá as competencias e funcións que lle asigna a lexislación vixente.

10. PLAN DE UTILIZACIÓN DO CENTRO

10.1 Equipamento

A organización dos espazos queda da seguinte forma:

1º andar	2º andar	Planta Baixa
1 biblioteca / leolab	4 aulas E.P.	Espazo Psicomotricidade
1 aula de cociña	1 aula apoio/convivencia	Sala Profesorado
3 aulas E.I.	1 aula Inglés (2º e 3º ciclo E.P.)	D.O.



2 aulas E.P.	1 aula Relixión Católica	ANPA
Aula multisensorial	1 aula Material	Conserxería
1 aula PDI (eventual)	1 aula arquivo	Dirección
1 aula Inglés (E.I. e 1º ciclo E.P.)	1 aula fondo libros	2 baños profesorado
1 aula Música	1 aula audiovisuais	Comedor
2 baños alumnado (1 deles compartido coa aula de 3 anos)	1 laboratorio	Patio exterior
1 cuarto da limpeza	1 aula P.T.	Patio cuberto
	2 aulas A.L.	2 baños alumnado
	1 estudo de radio	
	2 baños alumnado	
	1 baño profesorado	

Á esquerda do edificio existe un espazo con columnas (“aula de Psicomotricidade”), que se usa como patio de recreo de E. Infantil cando obrigan as circunstancias climatolóxicas, xa que o patio exterior cuberto é claramente insuficiente, e para actividades complementarias do alumnado que asiste ao comedor.

Fóra do edificio do Centro, pero anexo ao mesmo e de titularidade municipal, hai un polideportivo/ximnasio que é utilizado no horario lectivo para impartir as clases de Educación Física, ademais tamén contamos co Centro Cívico do Concello, previa solicitude, que o usamos para actividades complementarias.

10.2. Uso das instalacións

A utilización das instalacións do Centro aparece regulada na lexislación vixente, e na normativa correspondente da Consellería e da Delegación de Educación.

O consello escolar delega no equipo directivo a concesión do uso das instalacións do Centro a todos os membros e asociacións que forman parte da comunidade escolar, incluído o Concello. O Equipo directivo comprométese a informar na reunión de Consello escolar correspondente das concesións efectuadas.



O comedor escolar, que pasou fai dous cursos a ser xestionado pola Consellaría, ocupaba o espazo do antigo laboratorio, no 2º andar, segundo foi aprobado por unanimidade no Consello do 24 de abril de 2008. Na actualidade, está ubicado nas antigas dependencias do conserxe.

Uso da Biblioteca no horario de tarde:

- Dende as 16:00 ás 18:00 horas a Biblioteca escolar ofrécese coma espazo de estudo e /ou traballo persoal de martes a venres.
- O alumnado poderá incorporarse entre as 16:00 e as 16:10 ou entre as 17:00 e as 17:10 horas. A recollida farase entre as 16:50 e as 17:10 e as 18:00.
- Ningún rapaz/a poderá marchar antes de que remate a actividade, agás decisión da dirección, oída a xustificación da familia. Neste caso, entregarase do xeito adecuado ao familiar correspondente (todos os alumnos/as do colexio con independencia da súa idade).
- As familias recolleran persoalmente ou por persoa delegada por escrito aos escolares que fagan uso do servizo de estudo. No caso de autorizalos a desprazarse sos ás actividades, entregarán dita autorización por escrito ante a dirección do centro (soamente o alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria).

10.3. Instalacións e material

En liñas xerais, o Centro ten cubertas as súas necesidades e as instalacións, agás o puntualizado no seguinte punto, están en boas condicións.

O material de reprografía, informático e audiovisual é o seguinte:

UBICACIÓN	MATERIAL
Armario Cargador	- 15 Tablet Samsung - 2 Ipad - 5 Mini-ordenadores - 14 Portátiles
Aulas Ordinarias	- 2 Portátiles - 7 pantallas dixitais interactivas



	<ul style="list-style-type: none"> - 14 Ordenadores de sobremesa - 16 Cañóns - 16 EDI
Biblioteca /Leolab	<ul style="list-style-type: none"> - 1 Escaner - 4 Portátiles - 1 Ordenador de mesa - Mesa multitáctil - 2 Impresora 3D - 2 pantallas - 2 cámara de fotos - Sistema de megafonía - 15 escornaboot - 1 bee-boot - 1 Matatalab - 1 Primo - Pantalla interactiva - 7 E-book - mesa de luz - 6 placas makey makey - 10 kits de placas micro:bit - visores - Pintura de luz ultravioleta - 9 Kits Micro:bit - Cricut Maker
Aula de Radio	<ul style="list-style-type: none"> - 1 ordenador de sobremesa - 1 mesa de mezcla - 7 micrófonos
Aula multisensorial	<ul style="list-style-type: none"> - 1 mesa de luz - 2 mesas de experimentación - 1 cabana de oscuridade - 1 pantalla con proxector - Múltiples xogos de experimentación
Aula de cociña	<ul style="list-style-type: none"> - 1 frigorífico combi - Placa de inducción



	<ul style="list-style-type: none"> - pequenos electrodomésticos: batedora, amasadora, mini-forno... - forno - lavavaixelas
<p>Outras Instalacións</p>	<ul style="list-style-type: none"> - 3 ordenadores (dirección) - 1 impresora (dirección) - 1 Cromo-Key (audiovisuais) - 3 ordenadores (sala de mestres) - 1 neveira (sala de mestres) - 1 microondas (sala de mestres) - 3 impresoras (sala de mestres) - 1 escáner (sala de mestres) - 1 ordenador (orientación) - 1 impresora (orientación) - 1 ordenador (ANPA)

10.4. Deficiencias e propostas de mellora

- No edificio:

- Solicitamos ao Concello este curso a limpeza continuada, a revisión e o selado de todas as ventás do centro.
- Solicitamos ao Concello o cambio de varias placas de metracrilato do tellado polas que entran bastante auga cando chove forte.
- Solicitamos á Consellería a dotación necesaria para recuperar o laboratorio escolar, xa que unha vez reubicado o comedor escolar podemos dispoñer de novo desta dependencia.
- Solicitamos a Xefatura Territorial a creación dun baño de uso exclusivo para a aula de 4º El., o cal ten comprometida a súa obra.
- Tamén solicitamos a Xefatura Territorial o portalón principal coa instalación do porteiro automático, o cal xa está proxectado.
- Solicitamos ao Concello a retirada da caseta do patio infantil, antigo depósito de gasóleo da caldeira, e o acondicionamento do sitio da mesma.
- Solicitamos ao Concello a pintura de varias aulas, que non realizou nos arranxos do verán.



- Persoal do centro:

- Solicitamos á Xefatura Territorial un Xefe de Departamento de Orientación a tempo completo, dadas as necesidades detectadas no centro e das que temos un informe exhaustivo realizado pola actual orientadora e ratificadas polo EOE. E solicitar a segunda mestra de Pedagogía Terapéutica a tempo completo debido a previsión de alumnado con necesidades de atención educativa para este curso. Foi concedida una mestra de AL compartida co CPI As Revoltas de Cabana de Bergantiños, sendo ese o seu centro base.
- Solicitamos que continúe a mesma ATE, persoa de atención as nenos/as con necesidades, xa que o pasado 27 de setembro realizaron o cambio da persoa que ocupaba este posto, sen previo aviso, e o contrato da nova persoa dura ata marzo. Dada as características singulares do alumnado que atende precisamos a continuidade dunha mesma persoa.
- Necesitamos que o Concello siga poñendo á nosa disposición, cando se precise, persoal que se encargue de realizar pequenos traballos e reparación e que manteña e mellore a limpeza do centro.

11. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Este Equipo Directivo deseñou e solicitou ao CFR un PFPP que inclúe formación en: metodoloxías pedagóxicas que introduzan as novas tecnoloxías nas programación de aula, na actualización do plan dixital e na instauración dos polos creativos.

As liñas de actuación propostas son:

- Integración curricular dos contidos STEM.
- A formación das familias nas ferramentas dixitais básicas.
- O traballo da competencia dixital docente.
- O uso didáctico dos recursos dixitais dos polos creativos.

Os **obxectivos xerais** que pretendemos acadar con esta formación son:

- Diseñar propostas didácticas para implementar nas programación de aula, empregando as novas tecnoloxías a disposición do centro.
- Facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e optimizar a xestión de recursos humanos e materiais do centro.



- Mellorar a competencia dixital do profesorado, adquirindo unha bagaxe de recursos que repercutan directamente nas actividades da aula.
- Planificar, deseñar, desenvolver e avaliar accións formativas de aula no marco da integración curricular dos contidos STEM.
- Integrar accións educativas STEM no proxecto do centro implicando a toda comunidade educativa.

Neste **PFPP** vai participar a meirande parte do claustro. O coordinadora do PFPP é o mestre Javier Piñal Abelenda. Asemade, o profesorado na súa inmensa maioría solicita cursos de formación ao CFR en distintas disciplinas.

12. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COAS FAMILIAS

O noso centro configúrase como unha escola aberta, onde propiciamos a participación tanto directa como indirectamente das familias na vida escolar do noso alumnado, enriquecendo as aprendizaxes e favorecendo un clima de cooperación e traballo en equipo.

A forma de comunicación coas familias de forma xeral establécese a través da páxina Web do centro, os distintos blogs, a través da aplicación Abalar, correo ou vía telefónica, en función do tipo de intercambio desexado, e en Educación Primaria tamén a través da Axenda Escolar.

No inicio de curso organízanse **reunións grupais** para cada aula, ademais de titorías individuais ó longo do curso, co horario de 16:00-17:00h cada luns. Estas titorías poden ser solicitadas por cada docente ou por cada familia, puntualizando que estas titorías individuais no curso de 4º El realizaranse durante a duración do Período de Adaptación polas características especiais deste nivel.

Ao remate de cada trimestre, entrégase ó alumnado un **boletín** de avaliación, para indicar a evolución nas aprendizaxes e capacidades, ademais de informacións puntuais, escritas ou telefónicas, sobre calquera asunto relacionado co proceso de ensino e aprendizaxe.

As familias do noso centro poden ter un papel máis activo no centro a través do Consello Escolar e na ANPA, involucrada nas actividades e na mellora da nosa escola.



Este curso continuamos co noso **Proxecto: "Educatribo"**, actividade que permite implicar ás familias como axente educativo e formativo. Este proxecto ten dúas vertentes, a participación no Programa "Hoxe le...", que ata o momento eran lecturas do alumnado do 2º e 3º ciclo para o alumnado de Educación Infantil e 1º ciclo, e a formación en Educatribo, actividade na que convidamos ás familias, e ó alumnado de 2º e 3º ciclo, a vir á escola e impartir un obradoiro para o alumnado voluntario de Educación Primaria que desexe participar, establecéndose os mércores o recreo e hora de ler para dita formación. No caso de Educación infantil, polas características desta etapa, ditos obradoiros organizaranse en coordinación coas titoras buscando os días e sesións máis axeitadas.

13. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

Para este curso 2023-2024 a ANPA non ofertou ningunha actividade extraescolar, xa que o Concello tamén oferta actividades pola tarde e solápanse unhas con outras non habendo suficiente alumnado para ambas.

A **ANPA Ventorrillo** é colaborativa e implicada, polo que este curso cooperarán na creación dun horto para o alumnado, construíndo diversos caixóns de madeira e sementeiras. Tamén solicitaron subvencións á Deputación de A Coruña para crear un aula de arte, dando así utilidade ao espazos baleiros.

Destacar que a ANPA sempre está disposta a colaborar na Comunidade Escolar, polo que podemos contar con ela para o desenvolvemento de diversas actividades escolares e complementarias.

14. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

A revisión deste plan foi aprobada polo Consello Escolar (xuño de 2017).

➤ **Localización e equipamento das caixas de urxencias**

No Centro existe un botiquín de urxencias, que está situado na conserxería (andar baixo *ou res do chan*), que contén o equipo básico sanitario para atender as primeiras urxencias, seguindo o establecido no *Atención en urxencias sanitarias e atención educativa ao alumnado con enfermidade crónica*.

➤ **Localización de saídas de emerxencia**



O centro conta con dúas saídas no andar baixo, unha a cada lado do edificio, así como unha saída de emerxencia no lado dereito do 1º andar. Todas as portas están dotadas dun mecanismo antipánico que permite a súa apertura desde dentro aínda estando pechadas por fóra.

➤ **Outros sistemas de seguranza dos que dispón o Centro**

- *Extintores*: Contamos con 6 extintores de 6 kg. de po químico (renovados). Están emprazados en cada un dos seguintes lugares:

- Sala de caldeiras da calefacción (patio cuberto)
- Cadro xeral de iluminación (patio cuberto)
- Corredor do lado dereito da planta baixa
- Biblioteca
- Comedor

-*Mangueiras contra incendios*: Hai 6 mangueiras, dúas en cada andar, e cada unha nun extremo.

-*Dispositivo alarma antirrobo*: Conta con 10 puntos de detección por sistema de infravermellos, repartidos pola planta baixa e a primeira. O dispositivo está conectado a un centro de alertas e o aviso chega directamente as persoas responsables do concello.

➤ **Protección do alumnado**

O alumnado só poderá abandonar o centro en horario escolar co permiso do seu profesor/ titor, e sempre que veñan a recollelo os seus pais ou persoas autorizadas. Alén diso, e para un mellor control dos accesos ao Centro, ficarán pechadas as portas durante o horario lectivo.

A partires do curso 2014/15, e por decisión do Consello Escolar, a petición das familias, non se permitirá o acceso ao centro ás familias durante o período de entradas e saídas, salvo circunstancias excepcionais que serán valoradas unha a unha segundo se nos presenten.

Ademais, seguindo o protocolo *Atención en urxencias sanitarias e atención educativa ao alumnado con enfermidade crónica*, contamos cun plan de atención individualizado para todos os alumnos e alumnas que presenten enfermidades crónicas. As fichas de cada alumno cos datos necesarios para unha actuación de urxencia están recollidos no libro *Protocolo de urxencia sanitaria. Plan de actuación Individualizado*, que está sempre en conserxería preto do botiquín.



15. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

A avaliación é unha ferramenta poderosa que nos permite coñecer a adecuación da programación das diferentes actividades, indicando o punto de partida, o desenvolvemento e a consecución dos obxectivos definidos dende un inicio.

Á hora de avaliar o conxunto da actividade docente debemos ter en conta os diversos aspectos que inciden nos procesos de ensino-aprendizaxe, para obter unha visión global como Comunidade. Polo tanto debemos avaliar varios aspectos:

A nivel centro, a avaliación xeral exprésase a final de curso a través da memoria final (informada no claustro e aprobada en Consello escolar), que recolle os aspectos que definiron cada curso ademais das propostas de mellora. A Comisión de Coordinación Pedagóxica terá a labor de valorar, non só ó final de curso, se non ó longo do mesmo, a adecuación das medidas establecidas de cara á consecución dos obxectivos programados, de forma que se poidan identificar as debilidades de cara á mellora da nosa planificación docente e realizar modificacións oportunas. Polo tanto, a nivel centro debemos avaliar os seguintes aspectos:

- Funcionamento xeral do centro.
- Relacións entre a comunidade educativa.
- Avaliación do funcionamento das coordinacións.
- Avaliar o grao de consecución dos obxectivos.

A nivel de aula, cada mestre debe establecer na súa programación didáctica, ademais dos criterios de avaliación do proceso do alumnado, os relacionados coa súa propia práctica docente, as decisións tomadas, a metodoloxía utilizada, a temporalización das actividades, as interaccións na aula co mestre e entre o alumnado...

En canto ao alumnado, a avaliación é continua e global, tendo en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave, é dicir, que se pretenderá que os alumnos/as durante a mesma, progresen tanto cualitativa como cuantitativamente, non sendo en si mesma un fin, senón que será considerada como un medio máis de orde pedagóxica para acadar os fins propostos na educación.

A finais de cada un dos trimestres nos que se divide o curso realizaranse as correspondentes xuntas de avaliación das que o profesor/titor levantará acta, dos



distintos niveis e procederase ao envío da información académica ás familias nas datas que a continuación se indican:

Avaliación	Data xunta avaliadora E.I.	Data xunta avaliadora E.P. (1º,2º, 3º)	Data xunta avaliadora E.P. (4º, 5º, 6º)	Entrega de boletíns
1º Trimestre	27 de novembro	4 de decembro	11 de decembro	21 de decembro
2º Trimestre	11 de marzo	11 de marzo	18 de marzo	22 de marzo
3º Trimestre	3 de xuño	10 de xuño	17 de xuño	21 de xuño
Avaliación ordinaria	3 de xuño	10 de xuño	17 de xuño	21 de xuño

16. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Departamento de Orientación (DO) do CEIP Milladoiro é compartido co DO do CEIP Joaquín Rodríguez Otero (Buño). A Xefa do DO ten base no CEIP Milladoiro. Trátase, deste xeito, dunha Orientación Compartida, polo que se realiza un Plan de Orientación independente para cada un dos centros.

Para o presente curso escolar 2023/2024 seguiranse as liñas trazadas nos cursos anteriores polo DO no CEIP Milladoiro, coas achegas que se consideren axeitadas tendo en conta as necesidades que xurdan ao longo do curso.

A composición do DO segue o establecido polo Decreto 120/1998 (DOG. 27/04/1998) no seu Artigo 4º, polo que, tendo en conta ao persoal do centro, estará composto por:

- A xefa de estudos: Uxía Arias Rodríguez.
- Coordinadora de educación infantil: Diana Martínez Bouzas
- Mestra de Pedagogía Terapéutica e coordinadora do 2º ciclo de educación primaria: Ana Seoane Cives.
- Mestra de Audición e Linguaxe 1: Fátima Romero Olveira.
- Mestra de Audición e Linguaxe 2 e coordinadora do 1º ciclo de Educación Primaria: Cristina Cao Noya .



- Mestra de Audición e Linguaxe compartida co CEIP de Cabana de Bergantiños: Rebeca Varela Coteló. Traballa no noso centro dous días, xoves e venres.
- Coordinador do 3º ciclo de educación primaria: Oscar Pérez Rodríguez.
- Xefa do DO (itinerante): María Montserrat Martínez Gómez.

Unha das principais funcións do Departamento de Orientación é organizar as medidas de atención á diversidade do noso alumnado. A este respecto cómpre facer referencia ás disposicións da Lei que afectan a inclusión, diversidade e equidade educativa. Só deste xeito poderemos brindar un apoio máis efectivo ao noso alumnado. Isto significa que, de cara a organizar a resposta educativa máis axeitada ao noso alumnado dende o marco da atención á diversidade, debemos ter en conta, dúas consideracións nas tipoloxías que serven para identificar as necesidades educativas.

- **Alumnado que presenta necesidades educativas especiais (NEE)** ás que fai referencia o artigo 73.1: "Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais, aquel que afronta barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe, derivadas de *discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe*, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe axeitados ao seu desenvolvemento".

- **Alumnado que presenta outras necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)** ás que fai referencia o artigo 71.2 e que concreta dicindo que "corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. Agrupa as NEAE do seguinte xeito:

- Necesidades educativas especiais
- Retraso madurativo.
- Trastornos do desenvolvemento da linguaxe a a comunicación.
- Trastornos de atención ou de aprendizaxe.
- Situación de vulnerabilidade socioeducativa.



- Altas capacidades intelectuais.
- Incorporación tardía ao sistema educativo ou
- Condicións persoais ou de historia escolar.

Polo tanto, A LOMLE amplia o conxunto de alumnado que se incorpora á categoría de NEE con aqueles que presentan trastornos graves da comunicación e a linguaxe e tamén se amplía o concepto de NEAE incluíndo aqueles que presentan determinadas condicións persoais, familiares ou de historia escolar, facendo especial alusión ao descoñecemento do idioma e situacións de vulnerabilidade socioeducativa.

Tamén no mencionado artigo, 71.2 faise referencia á provisión de recursos ao afirmar que "o sistema educativo disporá dos recursos necesarios para a detección temperá do alumnado . Neste senso compre recordar que se consideran recursos persoais de apoio especializado o profesorado especialista en **Audición e Linguaxe (AL)**, e o profesorado especialista en **Pedagogía Terapéutica (PT)** e outros recursos persoais como o **Persoal Auxilia Coidador (PAC)**. Contamos con estas tres figuras no noso centro. Do mesmo xeito, este aspecto reitérase no artigo 74.2 expón que " A identificación e valoración das necesidades educativas deste alumnado se realizará, do xeito máis temperá posible, por profesionais especialistas. Instáurase unha cultura avaliativa con fins diagnósticos e de orientación, establecéndose no artigo 74.3, que ao rematar cada curso deberá facerse unha avaliación do grado de consecución dos obxectivos de xeito individual para cada alumno/a. Isto realízase mediante unha avaliación diagnóstica que permita identificar o grado de consecución dos obxectivos establecidos de xeito individual para cada alumno co fin de proporcionar a orientación educativa axeitada e que se poida modificar a atención educativa prevista, así coma o réxime de escolarización, aspectos que deberán ter sempre presentes os principios da continuidade, a progresión ou a permanencia do alumando na situación educativa máis inclusiva.

PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A orientación escolar é, dende o punto de vista do alumnado, un dereito que ha de concretarse e garantirse nun conxunto de servizos e actividades que o sistema educativo



debe ofrecer. O seu principal desenvolvemento ten lugar no exercicio da función titorial. Concibimos orientación dende unha perspectiva na cal a orientación, titoría e currículo forman parte dun único proceso.

➤ Actuacións e temporalización

Actuacións	Responsables	Destinatarios	Temporalización
Asesoramento á Comunidade Educativa.	Orientadora.	Comunidade educativa.	Todo o curso.
Proposta de adquisición de material do D.O.	Orientadora.	Dirección.	Todo o curso.
Proposta de organización dos apoios PT e AL	Orientadora. Xefatura de estudos. Mestras PT e AL.	Titores do A.C.N.E.A.E. e mestras de P.T.	Todo o curso.
Elaboración do Plan de Orientación	Orientadora.	Comunidade educativa.	Setembro e Outubro.
Actualizar o P.X.A.D. conforme á nova Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	Orientadora.	Comunidade educativa.	Todo o curso.



Aprobación do Plan de Orientación.	Orientadora.	D.O., Claustro e Consello Escolar	Setembro e Outubro.
Realización das avaliacións psicopedagóxicas demandadas, e dos correspondentes Informes Psicopedagóxicos.	Orientadora.	Equipo docente, orientadora e familias.	De setembro a maio.
Asesoramento respecto dos asuntos a tratar nas reunións xerais coas familias.	Departamento de Orientación.	Claustro.	Todo o curso.
Coordinación cos axentes sociais que interveñen na educación (servizos sociais, servizo galego de saúde, Gabinetes psicopedagóxicos)	Orientadora	Comunidade Educativa	Todo o curso
Proporcionar ás familias a información necesaria sobre todo o relacionado con DO e promover a súa colaboración	Departamento de Orientación	Comunidade Educativa	Todo o curso
Asesorar no desenvolvemento de actuacións con carácter preventivo, a través de medidas ordinarias e extraordinarias de	Departamento de Orientación	Equipo docente	Todo o curso



atención á diversidade, aproveitando os recursos curriculares e organizativos dispoñibles.			
Reunións do D.O.	Orientadora.	Membros do D.O.	Unha mensual ordinaria e as precisas extraordinarias.
Promover e difundir liñas metodolóxicas que promovan a atención á diversidade e inclusión do alumnado.	Departamento de Orientación	Equipo docente	Todo o curso.
Asistir ás sesións de avaliación	Orientadora.	Equipos docentes.	Ao remate de cada un dos trimestres.
Executar o Programa de Acceso á E.S.O.	Orientadora.	Alumnado de 6º de Primaria	3º trimestre
Realización da avaliación do desenvolvemento do Plan de Orientación	Departamento de Orientación.	Membros do Departamento.	Xuño.
Elaboración dos informes do alumnado que remata Primaria e foi obxecto dalgunha	Orientadora.	Xefa de estudos, expediente persoal do alumnado e	Xuño.

avaliación psicopedagóxica.		orientador/a do I.E.S.	
Redacción da Memoria Final do Departamento de Orientación.	Orientadora.	D.O., Claustro e Consello Escolar.	Xuño.

16.2. Concreción anual do Plan Xeral de atención á diversidade

Tendo sempre como referentes os principios de integración e normalización, as mestras de PT e AL xunto coa orientadora e xefa de estudos establecerán o horario de atención ao alumnado con NEAE. Para o deseño desta atención teranse en conta os seguintes criterios prioritarios:

- Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica realizada pola xefa do Departamento de Orientación.
- Priorizarase a atención do alumnado dentro de aula en situación de titoría compartida agás que as pautas que figuran no informe psicopedagóxico do alumnado indiquen o contrario.
- Darase prioridade ao alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE). Segundo o artigo 71 da actual Lei educativa LOMLOE, é aquel que require dunha atención diferente á ordinaria por presentar discapacidade, Trastorno Grave de conduta ou Trastorno Grave da Comunicación e da linguaxe.
- A continuación o resto do alumnado que presenta NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo) derivadas de: Retraso Madurativo; Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación; Trastornos da atención ou de aprendizaxe; Descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe; Atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa;- Altas capacidades intelectuais; Incorporación tardía ao sistema educativo; Condicións persoais ou de historia escolar.
- Atenderase ao alumnado obxecto dunha Adaptación Curricular Significativa.



- En educación infantil só se apoiarán aqueles alumnos/as que así o aconselle o correspondente Informe Psicopedagóxico, debendo respectar os principios de atención temperá.
- Atenderase primeiro ao alumnado con NEAE que repita curso.
- Os horarios dos apoios estableceranse tratando de respectar a permanencia dos alumnos/as na aula ordinaria nas horas lectivas dedicadas ás especialidades.
- Naqueles casos nos que o profesorado – titor desexe pospor ao principio de curso o apoio de PT/ AL por un tempo non superior a tres meses será aceptado sempre e cando alegue un motivo que a orientadora e a xefa de estudos consideren oportuno.
- A proposta de atención elaborada entre as mestras de PT/AL e a orientadora será presentada á Xefa de Estudos, e facilitada aos titores/as para o seu coñecemento.
- Como paso previo á realización da avaliación Psicopedagóxica debe efectuarse unha demanda por escrito a través do cuestionario de derivación. A orientadora informará á familia da súa pertinencia e solicitará a súa autorización escrita.
- Respecto aos criterios a ter en conta á hora de promocionar ou non de Ciclo/Curso e/ou Etapa, terase en conta o lexislado respecto da avaliación en Infantil e en Primaria así coma os criterios de promoción aprobados polo claustro do profesorado.

16.2. Estratexias organizativas e metodolóxicas de atención ó alumnado con NEAE

De conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, son medias de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en medidas ordinarias ou medidas extraordinarias.

- **Medidas ordinarias de atención á diversidade** son todas as que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e as características do alumnado. Consideramos clave esgotar todas as medidas ordinarias adaptando o contexto de centro ás necesidades do noso alumnado, destacando entre outras medias as seguintes:

1. Adaptando as programacións didácticas ás necesidades e as circunstancias do seu entorno. A biblioteca escolar, como eixe condutor do noso centro, a través da PDI



establecerá obxectivos e tarefas interdisciplinares partindo das necesidades intereses e motivacións do noso alumnado e a súa contorna.

2. Utilizando metodoloxías baseadas no traballo cooperativo tales coma os grupos heteroxéneos, aprendizaxe por proxectos, a aprendizaxe servizo e a titoría entre iguais entre outras. En todo caso, o profesorado empregará as alternativas metodolóxicas que mellor se adapten á construción que cada aluman e alumno deben facer da súa propia aprendizaxe.

3. Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedimentos de avaliación ás circunstancias de cada alumno/a. tomando como referencia os Protocolos de Atención á diversidade publicados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

4. Desenvolvemento de medidas de Reforzo Educativo por parte do/a titor/a ou mestre/a especialista de área no que a alumna ou alumno necesiten esta medida. Estas medidas afectan á secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, á organización de aula, agrupamento de alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Todas estas medidas , terán lugar no contexto de aula ordinaria, e está destinado a alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensinanza e aprendizaxe. Estas medidas de reforzo educativo reflexaranse nos documentos oficiais de avaliación de alumnado. Ao final de curso, o profesorado, coordinado polo/a titor/a, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo modelo deseñado polo Departamento de Orientación do centro.

5. Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do titor/a e desenvolverase ao longo de todo o curso. EN cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan e, de ser necesario, realizaranse os axuste que procedan. Ao final de curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento. O plan debe incluír, polo menos:



- A) Identificación do alumno/a.
 - B) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
 - C) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
 - D) Estratexias metodolóxicas que se empregarán no seu desenvolvemento.
 - E) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
 - F) No seu caso, oferta de medidas extraordinarias.
 - G) Acreditación da información á familia.
1. Programas de habilidades e competencias sociais: para a totalidade do alumnado, nos que se promova a adquisición das competencias sociais e cognitivas necesarias para favorecer a empatía, a autoestima, a comprensión das demais persoas e a interacción satisfactoria con elas, a solidariedade, o respecto e a tolerancia ante as discrepancias, a expresión correcta das propias opinións e dos sentimentos , e todo o que signifique a mellor das relacións e da convivencia. Estas actuacións se desenvolverán en todas as áreas, materias, ámbitos ou módulos, terán a consideración de elementos transversais do currículo. Estes programas formarán parte do Plan xeral de atención á diversidade, e o seu seguimento e avaliación realizarao o departamento de orientación, xunto con dito plan.

Medidas extraordinarias de atención á diversidade

De conformidade co el artigo 9 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, , se consideran medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEA E) que poidan requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así coma, no seu caso, nos elementos de acceso ao currículo ou a modalidade de escolarización. **Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar estas insuficientes.** Estas medidas serían:



- a) Adaptacións curriculares: Son medidas que afectan aos elementos prescriptivos do currículo, **van dirixidas ao alumnado con NEE** e, excepcionalmente, ao restante alumnado con NEAE. Para a adopción desta medida será preciso que o informe psicopedagógico resultante da avaliación psicopedagógica se entenda como a máis idónea para atender as necesidades educativas da alumna ou do alumno e despois da aplicación doutras medidas de atención á diversidade. Cando un/unha alumno/a o precise, a familia será informada desta medida, do que quedará constancia por escrito. O procedemento é o seguinte:
- 1) Realización da avaliación psicopedagógica e posterior informe psicopedagógico por parte da xefatura do Departamento de Orientación. Neste informe debe constar o nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, aportado polo profesorado das áreas ou das materias susceptibles de adaptación e coordinado polo profesorado tutor. Ese nivel de competencia será o punto de partida para o axuste do currículo. Os referentes para determinar o currículo adaptado serán a competencia curricular e a zona de desenvolvemento próximo do alumno.
 - 2) Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos, dunha reunión á que deben asistir o equipo docente do/a alumno/a e a xefatura do Departamento de Orientación. A xefa do departamento redactará e custodiará a acta desta reunión.
 - 3) Elaboración da proposta de adaptación de cada área por parte do profesorado que a imparte e no modelo que o centro docente teña establecido no seu Plan Xeral de Atención á diversidade. Igualmente, ese profesorado será o responsable do desenvolvemento e da avaliación da adaptación curricular, en colaboración, no seu caso, co profesorado de apoio ao alumnado con NEE. O profesorado contará co asesoramento da xefatura do departamento cando así o requira.
 - 4) A xefatura de DO conformará o expediente da AC, que se acompañará da copia da acta da reunión na que se decidiu realizar a adaptación.
 - 5) A dirección do centro enviará o expediente da adaptación ao servizo territorial de Inspección Educativa, a quen lle compete a autorización.
- b) Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de Educación Infantil e Primaria. Consiste na redución ou amplificación da permanencia nunha



determinada etapa, por tratarse, respectivamente, de alumna con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais. A acreditación das altas capacidades intelectuais ou das necesidades educativas especiais corresponde aos servizos de orientación.

- c) A intervención profesional do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) e do especialista en Audición e Linguaxe (AL), débese entender como un **recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais**, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda a outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Este profesorado exercerá as súas funcións, con carácter xeral dentro da aula ordinaria. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico, tendrá una distribución semanal equilibrada e non poderá exceder da terceira parte de los períodos lectivos semanais. Da atención excepcional fóra da aula exclúense as intervencións do profesorado de AL que teñan que ver coa reeducación da produción oral do alumnado. Neste caso, esas intervencións soamente ocuparán unha fracción do período lectivo.

Este profesorado realizará as seguintes funcións específicas:

- I. Colaborar coa xefatura do DO na proposta de organización da docencia de apoio.
- II. Prestar atención docente directa ao alumnado susceptible de apoio, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do DO á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá á do profesorado titor nin ao profesorado que imparte áreas nas que o alumnado reciba o apoio.
- III. Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no PXAD, en colaboración co profesorado de área que corresponda e segundo a orientación e asesoramento da xefatura do DO.
- IV. Colaborar, no seu caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así coma o seguimento e a avaliación das mesmas.



- V. Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- VI. Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz, e sen voto.
- VII. Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno ao que prestara apoio, coordinado pola xefatura do DO e segundo o modelo facilitado polo DO, que se incluírá no seu expediente.

O apoio do profesorado especialista en Audición e Linguaxe centrarase prioritariamente nos ámbitos da comunicación , da linguaxe e da fala.

Programa de pedagogía terapéutica

Os obxectivos principais deste programa son os seguintes:

1. Potenciar o desenvolvemento integral do alumno/a
2. Optimizar o proceso de ensinanza/aprendizaxe.
3. Acercar aos discentes á consecución dos obxectivos de curso.
4. Contribuír á promover a inclusión de alumnado no centro, aula ou de xeito telemática (se fose o caso).

No referente aos aspectos a reforzar e metodoloxía a empregar será crucial partir dun bo coñecemento do alumnado, é dicir, de cales son os seus puntos, fortes, cualidades, así coma o seu estilo de aprendizaxe, para a partir de aí, ser capaz de mellorar aquelas áreas nas que presente maior dificultade. Tomaranse como referencia entre outros, os Protocolos de atención á diversidade publicados pola Xunta de Galicia. Con carácter xeral seguiranse as seguintes liñas metodolóxicas :

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumno/a.
- Facilitar a construción de aprendizaxes significativos.
- Buscar sempre a funcionalidade nas aprendizaxes e a xeralización dos mesmos.
- Coidar as interaccións mestre/a-alumno/a e entre iguais.
- Facilitar a motivación e o interese do alumnado cara as actividades así como cara as novas aprendizaxes.
- Partir do Principio de individualización e atención a diversidade, así como do principio de flexibilización da ensinanza.



- Manteranse reunións periódicas cos titores e cos demais profesores e sempre que sexa necesario para a boa coordinación dos apoios.

A intervención educativa da mestra de PT realizarase en relación a tres niveis:

1. En relación ao alumno/a:

- Prestarlle atención directa ao alumno/a con NEAE que así o requira.
- Colaborar na identificación e avaliación de NEAE.
- Observar o progreso do alumno/a e avalialo en colaboración co profesor de á

2. En relación ao mestre/a:

- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo.
- Colaborar no establecemento da metodoloxía e avaliación a seguir co alumno/a que presentan NEAE.
- Elaborar e deseñar materiais específicos para cada alumno/a

3. En relación ao centro:

- Participar na elaboración dos horarios dos alumnos con NEAE.
- Coordinación cos profesionais que interveñen na educación dos alumnos con NEAE.
- Participar nas sesións de avaliación nos niveis que teñan alumnos con NEAE.

Os materiais: empregaranse materiais baseados nos centros de interese a alumnado, e será crucial a coordinación entre profesorado titor e especialista co fin de adaptar os recursos ordinarios ás necesidades individuais de cada alumno. Tamén tentaremos optimizar o material dispoñible nos distintos laboratorios de aprendizaxe tales como LEOLAB, aula sensorial, laboratorio de son etc.

Avaliarase ás crianzas en relación aos obxectivos recollidos na programación individual de cada un. Ademais da consecución dos obxectivos, tamén se valorará especialmente as actitudes e o esforzo persoal.



A avaliación será continua, global, formativa, personalizada e participativa... para iso empregaranse diferentes técnicas e instrumentos aínda que principalmente utilizaremos a observación directa. Para levar a cabo a avaliación como un proceso continuo, diferenciaremos tres momentos:

- Avaliación inicial: servirá de punto de partida para a elaboración de cada intervención.
- Avaliación continua: na que se empregará a técnica da observación, recollendo os datos relevantes en follas de rexistro.
- Avaliación final ou sumativa na que teremos en conta os datos obtidos anteriormente que nos servirán de referencia para a continuación do traballo e a planificación de novos obxectivos.

Programa de Audición e Linguaxe

A especialidade de Audición e Linguaxe responde a unha necesidade de atención e resposta educativa na comunidade escolar en relación á prevención, detección e tratamento das dificultades na linguaxe e na comunicación. Para que dita actividade acade unha efectividade óptima é imprescindible contar coas diferenzas individuais de cada alumno e alumna, así como o entorno, que determina as súas características propias a nivel comunicativo-lingüístico; ademais, debemos ter en conta a coordinación e o contacto cos diferentes membros que participan nesta labor (tanto a nivel escolar como familiar) e a elaboración e deseño de programas específicos de intervención adaptados a cada realidade en particular.

Na etapa de Educación Infantil levarase a cabo o *PELO (Programa de Estimulación da Linguaxe Oral)*: ao longo do curso, levarase a cabo unha sesión semanal en cada unha das tres aulas de Educación Infantil (4º, 5º e 6º cursos). Este programa será impartido pola mestra especialista en AL dedicada a prestar apoio nesta etapa educativa.

O obxectivo xeral en relación a todo o alumnado é o de mellorar o seu nivel de competencia comunicativo - lingüística, e para iso é preciso:

- Facer ao inicio de curso, coa colaboración do profesorado e a xefa do departamento de orientación, un rexistro dos casos, así como daquel alumnado que necesite de forma



prioritaria unha avaliación inicial, para determinar así as medidas de atención a diversidade máis axeitadas.

- Na etapa de Educación Infantil, levar a cabo, ao longo de todo o ano, un Programa de Estimulación da Linguaxe Oral, que axude a prever e detectar de maneira temperá posibles dificultades a nivel comunicativo-lingüístico.
- Colaborar cos titores na detección, prevención e orientación do alumnado con NEAE, así como no establecemento da metodoloxía e avaliación a seguir.
- Programar, xunto coa orientadora, as intervencións específicas do alumnado que o precise a partir dos datos obtidos na avaliación psicopedagóxica.
- Planificar os horarios, espazos, temporalizacións e recursos para a atención educativa dos alumnos que precisen apoio de Audición e Linguaxe, xunto coa xefa do Departamento de Orientación.
- Manter un contacto fluído coas familias destes nenos e nenas, para informalos e promover a súa participación no proceso educativo.
- Facer un seguimento da posta en práctica dos programas de intervención, ao longo das reunións establecidas, para a valoración e adopción das modificacións oportunas.
- Asistir e participar activamente nas sesións de avaliación trimestral do alumnado con NEAE que recibe apoio de Audición e Linguaxe.

Como obxectivos específicos determínanse os seguintes:

- Mellorar os aspectos cognitivos básicos de atención, percepción, imitación e memoria (entre outros).
- Desenvolver as bases funcionais que inciden na produción oral da linguaxe: discriminación auditiva, mobilidade oral, ritmo...
- Optimizar o desenvolvemento da linguaxe tendo en conta tódolos seus compoñentes (fonético-fonolóxico, léxico-semántico e morfosintáctico).



- Favorecer o uso social da linguaxe en contextos variados, traballando así o compoñente pragmático.
- Desenvolver e/ou mellorar o proceso lectoescritor.
- Xeneralizar o aprendido a outros contextos nos que se desenvolva o alumnado.

Procurarase un enfoque metodolóxico globalizado e integrador, que facilite a construción de aprendizaxes significativas. Desta maneira, buscarase potenciar a implicación e participación do alumnado nas diversas aprendizaxes e proporcionar un ambiente educativo axeitado.

Axustaranse os criterios metodolóxicos á individualidade de cada caso tendo en conta aspectos como as súas características e necesidades, o ritmo de aprendizaxe, intereses e motivación para aprender.

Proporcionaremos un feedback correctivo ao alumnado a través de de diversas estratexias (como tendo en conta as expresións a utilizar con eles), evitando así as correccións explícitas que xeren un sentimento de fracaso e frustración nos cativos e cativas. As actividades desenvolveranse na medida do posible cun carácter lúdico.

Leváronse a cabo 3 tipos de avaliacións atendendo a 3 momentos:

- Avaliación inicial (tamén chamada avaliación diagnóstica), que ten como obxectivo identificar as necesidades do alumnado para establecer os programas de intervención cos que traballar e mellorar aqueles aspectos onde se presentan dificultades.
- Avaliación continua, que é aquela que forma parte do propio proceso de ensino-aprendizaxe, polo cal está estreitamente ligada ás actividades da aula de apoio. Con esta avaliación detéctanse as dificultades e necesidades que xurdan durante o mesmo, servíndonos tanto para modificar as actividades de aprendizaxe como as técnicas e estratexias que utilizamos.
- Avaliación final, que ten como obxectivos básicos comprobar e informar sobre o nivel de logro acadado respecto aos obxectivos programados.



Respecto aos instrumentos de avaliación utilizamos: a observación sistemática do alumno/a, escalas de estimación, rexistros anecdóticos, diario de clase, expediente persoal de cada neno/a, producións de cada un deles enmarcadas no proceso e circunstancias nas que se desenvolveron.

Mención especial merece a Avaliación Psicopedagóxica regulada pola Orde do 31 de Outubro de 1996, que será, xunto coa avaliación inicial, o aspecto que guíe a planificación do proceso educativo dos alumnado con NEAE, así como a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.



ANEXOS

- Gardas de tarde
- Calendario de reunións dos diferentes departamentos
- Laboratorios de Aprendizaxe
- Plan de Igualdade
- Plan lector de centro



Gardas de tarde 2023-2024

GARDAS DE TARDE: 1º TRIMESTRE

	Martes 31 Outubro: Javier
Martes 12 Setembro: Susana	Xoves 2 Novembro: Óscar
Mércores 13 Setembro: Dora	Venres 3 Novembro: Carmen
Xoves 14 Setembro: Fátima	Martes 7 Novembro: Sandra
Venres 15 Setembro: Sandra	Mércores 8 Novembro: M ^a Jesús
Martes 19 Setembro: Cristina	Xoves 9 Novembro: Leandro
Mércores 20 Setembro: Diana	Venres 10 Novembro: Ana
Xoves 21 Setembro: Janice	Martes 14 Novembro: Cristina
Venres 22 Setembro: Uxía	Mércores 15 Novembro: Montse
Martes 26 Setembro: Queco	Xoves 16 Novembro: Dora
Mércores 27 Setembro: Belén	Venres 17 Novembro: Susana
Xoves 28 Setembro: Javier	Martes 21 Novembro: Janice
Venres 29 Setembro: M ^a Jesús	Mércores 22 Novembro: Uxía
Martes 3 Outubro: Leandro	Xoves 23 Novembro: Diana
Mércores 4 Outubro: Ana	Venres 24 Novembro: Javier
Xoves 5 Outubro: Carmen	Martes 28 Novembro: Cristina
Venres 6 Outubro: Óscar	Mércores 29 Novembro: Belén
Martes 10 Outubro: Susana	Xoves 30 Novembro: Óscar
Mércores 11 Outubro: Montse	
	Venres 1 Decembro: Fátima
Martes 17 Outubro: Dora	Martes 5 Decembro: M ^a Jesús
Mércores 18 Outubro: Uxía	Martes 12 Decembro: Leandro
Xoves 19 Outubro: Fátima	Mércores 13 Decembro: Ana
Venres 20 Outubro: Sandra	Xoves 14 Decembro: Queco
Martes 24 Outubro: Janice	Venres 15 Decembro: Montse
Mércores 25 Outubro: Belén	Martes 19 Decembro: Sandra
Xoves 26 Outubro: Queco	Mércores 20 Decembro: Carmen
Venres 27 Outubro: Diana	



GARDAS DE TARDE: 2º TRIMESTRE

Martes 9 Xaneiro: Susana	
Mércores 10 Xaneiro: Uxía	Martes 27 Febreiro: Óscar
Xoves 11 Xaneiro: Fátima	Mércores 28 Febreiro: Belén
Venres 12 Xaneiro: Janice	Xoves 29 Febreiro: Ana
Martes 16 Xaneiro: Queco	Venres 1 Marzo: Leandro
Mércores 17 Xaneiro: Diana	Martes 5 Marzo: M ^a Jesús
Xoves 18 Xaneiro: Dora	Mércores 6 Marzo: Montse
Venres 19 Xaneiro: Cristina	Xoves 7 Marzo: Carmen
Martes 23 Xaneiro: Javier	Venres 8 Marzo: Queco
Mércores 24 Xaneiro: Óscar	Martes 12 Marzo: Dora
Xoves 25 Xaneiro: Leandro	Mércores 13 Marzo: Diana
Venres 26 Xaneiro: Sandra	Xoves 14 Marzo: Fátima
Martes 30 Xaneiro: Ana	Venres 15 Marzo: Susana
Mércores 31 Xaneiro: Montse	Martes 19 Marzo: Janice
Xoves 1 Febreiro: Carmen	Mércores 20 Marzo: Uxía
Venres 2 Febreiro: Belén	Xoves 21 Marzo: Cristina
Martes 6 Febreiro: M ^a Jesús	Venres 22 Marzo: Sandra
Mércores 7 Febreiro: Susana	
Xoves 8 Febreiro: Diana	
Xoves 15 Febreiro: Fátima	
Venres 16 Febreiro: Dora	
Martes 20 Febreiro: Janice	
Mércores 21 Febreiro: Cristina	
Xoves 22 Febreiro: Javier	
Venres 23 Febreiro: Uxía	



GARDAS DE TARDE: 3º TRIMESTRE

Martes 2 Abril: M ^a Jesús	Mércores 15 Maio: Leandro
Mércores 3 Abril: Belén	Xoves 16 Maio: Carmen
Xoves 4 Abril: Queco	Martes 21 Maio: Susana
Venres 5 Abril: Javier	Mércores 22 Maio: Uxía
Martes 9 Abril: Ana	Xoves 23 Maio: Fátima
Mércores 10 Abril: Montse	Venres 24 Maio: Sandra
Xoves 11 Abril: Carmen	Martes 28 Maio: Janice
Venres 12 Abril: Óscar	Mércores 29 Maio: Diana
Martes 16 Abril: Leandro	Xoves 30 Maio: Queco
Mércores 17 Abril: Uxía	Venres 31 Maio: Dora
Xoves 18 Abril: Susana	Martes 4 Xuño: Javier
Venres 19 Abril: Diana	Mércores 5 Xuño: Belén
Martes 23 Abril: Janice	Xoves 6 Xuño: Óscar
Mércores 26 Abril: Dora	Venres 7 Xuño: Cristina
Xoves 27 Abril: Fátima	Martes 11 Xuño: Ana
Venres 28 Abril: Sandra	Mércores 12 Xuño: Leandro
Martes 30 Abril: Cristina	Xoves 13 Xuño: M ^a Jesús
Xoves 2 Maio: Queco	Venres 14 Xuño: Montse
Venres 3 Maio: M ^a Jesús	Martes 18 Xuño: Carmen
Martes 7 Maio: Javier	Mércores 19 Xuño: Susana
Mércores 8 Maio: Montse	Xoves 20 Xuño: Sandra
Xoves 9 Maio: Óscar	
Venres 10 Maio: Belén	
Martes 14 Maio: Ana	



CALENDARIO REUNIÓN 2023-2024 1º TRIMESTRE

1 SETEMBRO	CLAUSTRO CICLOS
4 SETEMBRO	CCP DO
6 SETEMBRO	CLAUSTRO EQUIPOS
18 SETEMBRO	CICLOS EQUIPOS
25 SETEMBRO	EQUIPOS+XE
2 OUTUBRO	CCP DO
9 OUTUBRO	CLAUSTRO CONSELLO ESCOLAR
16 OUTUBRO	CICLOS EQUIPOS
23 OUTUBRO	PFPP
30 OUTUBRO	EQUIPOS+XE
6 NOVENBRO	CCP DO
13 NOVENBRO	CICLOS EQUIPOS
20 NOVENBRO	EQUIPOS+XE
27 NOVENBRO	AVALIACIÓN INFANTIL
4 DECEMBRO	AVALIACIÓN PRIMARIA
11 DECEMBRO	AVALIACIÓN PRIMARIA
18 DECEMBRO	PFPP



CALENDARIO REUNIÓNS 2023-2024 2º TRIMESTRE

8 XANEIRO	EQUIPOS +XE
15 XANEIRO	CCP DO
22 XANEIRO	CICLOS EQUIPOS
29 XANEIRO	CLAUSTRO CONSELLO ESCOLAR
5 FEBREIRO	EQUIPOS+XE
19 FEBREIRO	CCP DO
26 FEBREIRO	CICLOS EQUIPOS
4 MARZO	PFPP
11 MARZO	AVALIACIÓN INFANTIL
18 MARZO	AVALIACIÓN PRIMARIA

CALENDARIO REUNIÓNS 2023-2024 3º TRIMESTRE

8 ABRIL	EQUIPOS+XE
15 ABRIL	CLAUSTRO CONSELLO ESCOLAR
22 ABRIL	CCP DO
29 ABRIL	CICLOS EQUIPOS
6 MAIO	EQUIPOS+XE
13 MAIO	CCP DO
20 MAIO	CICLOS EQUIPOS
3 XUÑO	AVALIACIÓN INFANTIL
10 XUÑO	AVALIACIÓN PRIMARIA
17 XUÑO	AVALIACIÓN PRIMARIA
30 XUÑO	CLAUSTRO CONSELLO ESCOLAR



Laboratorios de aprendizaxe

LEOLAB 2023-24

Coa remodelación e construción das novas dependencias do centro, inauguradas o curso 2019/20, o noso centro transformou a biblioteca pasando de ser un Centro de Recursos da Aprendizaxe a ser un **ESPAZO CREATIVO DA APRENDIZAXE**. Nestes novos espazos, o LEOLAB, conviven diferentes laboratorios de aprendizaxe; lugares onde experimentar, investigar, elaborar e principalmente **CREAR APRENDIZAXES** de maneira lúdica e motivadora. Comezamos este proxecto con 5 laboratorios:

- LABORATORIO DOCUMENTAL (biblioteca, formación de usuarios)
- LABORATORIO EXPERIMENTAL (ciencias/ experimentación/construcións)
- LABORATORIO DE IMAXE (recursos dixitais e tecnolóxicos)
- LABORATORIO DE SON (radio)
- LABORATORIO CREATIVO (Cooklab e creatividade/reciclaxe)

Ante este novo concepto de biblioteca do futuro, precisamos equipos de traballo que se adapten ás novas necesidades; polo que no presente curso o claustro dividirase en equipos Leolab.

Buscamos que cada un estea a gusto no equipo seleccionado para poder propoñer e levar a cabo actividades entorno ao PDI 2023/24: **"Medicus curat, natura sant"**, centrado este ano nunha mellor calidade física e emocional, destacando o coidado dun mesmo e dos demais. , tendo en conta as conmemoracións do curso escolar, sendo estas:

- Magosto
- Samaín e Lecturas Terroríficas
- Nadal
- Semana da Paz
- Día da Radio
- Día de Rosalía
- Entroido
- Día da Muller Traballadora
- Día das Artes Galegas
- Mes das Letras: día do Libro, festival das letras e revista escolar.



- Día da Ciencia e a Tecnoloxía
 - Día do Medio Ambiente
- Día da Familia (fin de curso)

❖ EQUIPOS E FUNCIÓNS

Reuniranse unha vez ao mes e sempre que sexa necesario, antes dos miniclaustros de organización de actividades. Cada función estará a cargo dunha persoa que se anotará nos cadros adxuntos para poder distribuír o traballo de maneira equitativa.

1- EQUIPO DE BIBLIOTECA E DINAMIZACIÓN L.G. (2 persoas)

- Rexistrar, catalogar, forrar, ordear, expurgar...
- Revista escolar: Dígocho Eu.
- Hoxe le...
- Dinamización das conmemoracións e proposta de actividades.
- Apoio para a realización da actividade "Booktubers"
- Apoio e dinamización dos blogues do centro.
- Laboratorio documental

2- EQUIPO EXPERIMENTAL (2 persoas)

- Dinamización dos laboratorios de ciencias.
- Dinamización do Día da Ciencia e a Tecnoloxía.
- Supervisión dos materiais e compra de materiais comúns.
- Creación de manuais de experimentos.
- Facilitación de recursos ao profesorado.
- Laboratorio experimental

3- EQUIPO DE RADIO (3 persoas)

- Dinamización do Día da Radio.
- Realización dunha parrilla propia de programas do centro.
- Control da megafonía xeral e da biblioteca
- Formación de novos técnicos/alumnos.
- Creación de manual.
- Apoio da parte técnica ao profesorado.



- Supervisión das actividades de radio subidas ao blogue.
- Dinamización de actividades relacionadas coas diferentes conmemoracións.
- Preparación dunha actividade grupal para o Día da Radio (13 de febreiro).
- Laboratorio de Radio

4- EQUIPO TECNOLÓXICO (2 persoas)

- Dinamización de actividades relacionadas con:
 - ✓ Tablets (aplicacións: croma, realidade aumentada, códigos QR...)
 - ✓ Impresora 3D
 - ✓ Escornabots e similares
 - ✓ Videoconferencias
 - ✓ Stopmotion
 - ✓ Chroma
 - ✓ Mesa interactiva
 - ✓ Makey makey
- Coordinación co técnico informático.
- Resolución de pequenos desaxustes informáticos.
- Apoio da parte técnica ao profesorado.
- Elaboración de manuais sinxelos de apoio ao profesorado e ao alumnado.
- Supervisión do uso correcto dos mesmos.
- Laboratorio de Imaxe

5- EQUIPO CREATIVO (2 persoas)

- Dinamización do laboratorio de cociña e o laboratorio de creatividade.
- Creación de receitairos, dando un tratamento curricular aos mesmos.
- Dinamización de actividades creativas: reciclaxe, muro lego, arquitectura (kapla, gears...), taller...
- Supervisión do uso correcto dos materiais.
- Compra de materiais comúns.
- Laboratorio Ideas/ Reciclaxe
- Laboratorio COOKLAB

CURRICULUM E LEOLAB



En cada un dos equipos realizarase unha programación de cada laboratorio do Leolab adaptándoos aos niveis que están dirixidos.

Deseñaranse no mes de setembro e levaranse a cabo dende outubro ata maio.

Estas programacións, entre outros contidos, incluírán a necesaria avaliación inicial, continua e final; así como a autoavaliación do alumnado e a práctica docente, entregando este documento na dirección do centro ó remate de cada trimestre. Incluímos un exemplo de programación, que deberá incluír unha breve descrición das actividades.

Procuraremos que a temática de cada laboratorio xire ó redor da PDI ou nas conmemoracións a celebrar.

É interesante obter un produto final, ó remate de cada sesión, e subilo ó blogue de LEOLAB.

➤ **LABORATORIOS LEOLAB**

Os laboratorios realizaranse os mércores nas dúas últimas sesións. O alumnado de 2º e 3º ciclo terán 3 mércores seguidos o mesmo laboratorio, cada grupo o que lle toque, realizando ó rematar o curso un total de 6 laboratorios. O alumnado de infantil e 1º ciclo realizarán os laboratorios dous mércores seguidos, polo que ó rematar o curso participan en 5 laboratorios.

Este curso os dous grandes grupos non coincidirán no tempo.

No horario de Primaria cubriranse coma unha sesión de Lingua Galega e unha sesión de Ciencias Sociais ou Naturais.

O resto do profesorado apoiará e/ou substituirá aos membros do seu equipo se así o precisan; tendo en conta que participaron na elaboración da programación do/s seu/s laboratorio/s e polo tanto son coñecedores da mesma para levala a cabo no horario acordado. Neste sentido, é fundamental que a programación de cada laboratorio estea rematada e entregada nos primeiros meses do curso escolar.

- **DIFUSIÓN**



Todas as actividades realizadas nos laboratorios e nos espazos do Leolab (biblioteca, Radio, cociña...) subiranse ó blogue <http://bemilladoiro.blogspot.com/> e <https://leolabmilladoiro.blogspot.com/> coa etiqueta biblioteca creativa.

❖ **DISTRIBUCIÓN DO PROFESORADO**

O resto de profesorado será apoio especialmente o grupo de 3 anos e ó alumnado NEE.

LABORATORIOS	PROFESORADO
Documental 1	Susana
Documental 2	Fátima
Experimental 1	Dora
Experimental 2	Javi
Radio 1	Pedro
Radio 2	Óscar e Leandro
Imaxe 1	Diana
Imaxe 2	Belén
Creativo 1	Janice
Creativo 2	Uxía
Cooklab	Mª Jesús



Calendario laboratorios

C.E.I.P. Milladoiro - Curso 2023/2024																																																																																																																
Setembro 2023	Outubro 2023	Novembro 2023																																																																																																														
<table border="1"> <tr><td></td><td></td><td></td><td>1</td><td>2</td><td>3</td></tr> <tr><td>4</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td><td>8</td><td>9</td><td>10</td></tr> <tr><td>11</td><td>12</td><td>13</td><td>14</td><td>15</td><td>16</td><td>17</td></tr> <tr><td>18</td><td>19</td><td>20</td><td>21</td><td>22</td><td>23</td><td>24</td></tr> <tr><td>25</td><td>26</td><td>27</td><td>28</td><td>29</td><td>30</td><td></td></tr> </table>				1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30		<table border="1"> <tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td>1</td></tr> <tr><td>2</td><td>3</td><td>4</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td><td>8</td></tr> <tr><td>9</td><td>10</td><td>11</td><td>12</td><td>13</td><td>14</td><td>15</td></tr> <tr><td>16</td><td>17</td><td>18</td><td>19</td><td>20</td><td>21</td><td>22</td></tr> <tr><td>23</td><td>24</td><td>25</td><td>26</td><td>27</td><td>28</td><td>29</td></tr> <tr><td>30</td><td>31</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr> </table>						1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31						<table border="1"> <tr><td></td><td></td><td>1</td><td>2</td><td>3</td><td>4</td><td>5</td></tr> <tr><td>6</td><td>7</td><td>8</td><td>9</td><td>10</td><td>11</td><td>12</td></tr> <tr><td>13</td><td>14</td><td>15</td><td>16</td><td>17</td><td>18</td><td>19</td></tr> <tr><td>20</td><td>21</td><td>22</td><td>23</td><td>24</td><td>25</td><td>26</td></tr> <tr><td>27</td><td>28</td><td>29</td><td>30</td><td></td><td></td><td></td></tr> </table>			1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30			
			1	2	3																																																																																																											
4	5	6	7	8	9	10																																																																																																										
11	12	13	14	15	16	17																																																																																																										
18	19	20	21	22	23	24																																																																																																										
25	26	27	28	29	30																																																																																																											
					1																																																																																																											
2	3	4	5	6	7	8																																																																																																										
9	10	11	12	13	14	15																																																																																																										
16	17	18	19	20	21	22																																																																																																										
23	24	25	26	27	28	29																																																																																																										
30	31																																																																																																															
		1	2	3	4	5																																																																																																										
6	7	8	9	10	11	12																																																																																																										
13	14	15	16	17	18	19																																																																																																										
20	21	22	23	24	25	26																																																																																																										
27	28	29	30																																																																																																													
Decembro 2023	Xaneiro 2024	Febreiro 2024																																																																																																														
<table border="1"> <tr><td></td><td></td><td></td><td>1</td><td>2</td><td>3</td></tr> <tr><td>4</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td><td>8</td><td>9</td><td>10</td></tr> <tr><td>11</td><td>12</td><td>13</td><td>14</td><td>15</td><td>16</td><td>17</td></tr> <tr><td>18</td><td>19</td><td>20</td><td>21</td><td>22</td><td>23</td><td>24</td></tr> <tr><td>25</td><td>26</td><td>27</td><td>28</td><td>29</td><td>30</td><td>31</td></tr> </table>				1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	<table border="1"> <tr><td>1</td><td>2</td><td>3</td><td>4</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td></tr> <tr><td>8</td><td>9</td><td>10</td><td>11</td><td>12</td><td>13</td><td>14</td></tr> <tr><td>15</td><td>16</td><td>17</td><td>18</td><td>19</td><td>20</td><td>21</td></tr> <tr><td>22</td><td>23</td><td>24</td><td>25</td><td>26</td><td>27</td><td>28</td></tr> <tr><td>29</td><td>30</td><td>31</td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr> </table>	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31					<table border="1"> <tr><td></td><td></td><td></td><td>1</td><td>2</td><td>3</td><td>4</td></tr> <tr><td>5</td><td>6</td><td>7</td><td>8</td><td>9</td><td>10</td><td>11</td></tr> <tr><td>12</td><td>13</td><td>14</td><td>15</td><td>16</td><td>17</td><td>18</td></tr> <tr><td>19</td><td>20</td><td>21</td><td>22</td><td>23</td><td>24</td><td>25</td></tr> <tr><td>26</td><td>27</td><td>28</td><td>29</td><td></td><td></td><td></td></tr> </table>				1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29									
			1	2	3																																																																																																											
4	5	6	7	8	9	10																																																																																																										
11	12	13	14	15	16	17																																																																																																										
18	19	20	21	22	23	24																																																																																																										
25	26	27	28	29	30	31																																																																																																										
1	2	3	4	5	6	7																																																																																																										
8	9	10	11	12	13	14																																																																																																										
15	16	17	18	19	20	21																																																																																																										
22	23	24	25	26	27	28																																																																																																										
29	30	31																																																																																																														
			1	2	3	4																																																																																																										
5	6	7	8	9	10	11																																																																																																										
12	13	14	15	16	17	18																																																																																																										
19	20	21	22	23	24	25																																																																																																										
26	27	28	29																																																																																																													
Marzo 2024	Abril 2024	Maio 2024																																																																																																														
<table border="1"> <tr><td></td><td></td><td></td><td>1</td><td>2</td><td>3</td></tr> <tr><td>4</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td><td>8</td><td>9</td><td>10</td></tr> <tr><td>11</td><td>12</td><td>13</td><td>14</td><td>15</td><td>16</td><td>17</td></tr> <tr><td>18</td><td>19</td><td>20</td><td>21</td><td>22</td><td>23</td><td>24</td></tr> <tr><td>25</td><td>26</td><td>27</td><td>28</td><td>29</td><td>30</td><td>31</td></tr> </table>				1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	<table border="1"> <tr><td>1</td><td>2</td><td>3</td><td>4</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td></tr> <tr><td>8</td><td>9</td><td>10</td><td>11</td><td>12</td><td>13</td><td>14</td></tr> <tr><td>15</td><td>16</td><td>17</td><td>18</td><td>19</td><td>20</td><td>21</td></tr> <tr><td>22</td><td>23</td><td>24</td><td>25</td><td>26</td><td>27</td><td>28</td></tr> <tr><td>29</td><td>30</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr> </table>	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30						<table border="1"> <tr><td></td><td></td><td>1</td><td>2</td><td>3</td><td>4</td><td>5</td></tr> <tr><td>6</td><td>7</td><td>8</td><td>9</td><td>10</td><td>11</td><td>12</td></tr> <tr><td>13</td><td>14</td><td>15</td><td>16</td><td>17</td><td>18</td><td>19</td></tr> <tr><td>20</td><td>21</td><td>22</td><td>23</td><td>24</td><td>25</td><td>26</td></tr> <tr><td>27</td><td>28</td><td>29</td><td>30</td><td>31</td><td></td><td></td></tr> </table>			1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31								
			1	2	3																																																																																																											
4	5	6	7	8	9	10																																																																																																										
11	12	13	14	15	16	17																																																																																																										
18	19	20	21	22	23	24																																																																																																										
25	26	27	28	29	30	31																																																																																																										
1	2	3	4	5	6	7																																																																																																										
8	9	10	11	12	13	14																																																																																																										
15	16	17	18	19	20	21																																																																																																										
22	23	24	25	26	27	28																																																																																																										
29	30																																																																																																															
		1	2	3	4	5																																																																																																										
6	7	8	9	10	11	12																																																																																																										
13	14	15	16	17	18	19																																																																																																										
20	21	22	23	24	25	26																																																																																																										
27	28	29	30	31																																																																																																												
Xuño 2024																																																																																																																
<table border="1"> <tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td>1</td><td>2</td></tr> <tr><td>3</td><td>4</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td><td>8</td><td>9</td></tr> <tr><td>10</td><td>11</td><td>12</td><td>13</td><td>14</td><td>15</td><td>16</td></tr> <tr><td>17</td><td>18</td><td>19</td><td>20</td><td>21</td><td>22</td><td>23</td></tr> <tr><td>24</td><td>25</td><td>26</td><td>27</td><td>28</td><td>29</td><td>30</td></tr> </table>					1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30																																																																														
				1	2																																																																																																											
3	4	5	6	7	8	9																																																																																																										
10	11	12	13	14	15	16																																																																																																										
17	18	19	20	21	22	23																																																																																																										
24	25	26	27	28	29	30																																																																																																										

Laboratorios E. Infantil e 1º ciclo de Primaria

Laboratorios 2º e 3º ciclo de Primaria



PLAN DE IGUALDADE 2023/24

1. INTRODUCCIÓN

Educar é proporcionar unha formación integral que permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do xénero.

A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

O camiño para avanzar cara á igualdade é a educación. O respecto, a liberdade e a igualdade son tres pés nos que se basea. Desde as aulas podemos ensinalles aos nenos e ás nenas a ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuízos e estereotipos.

Este Plan ofrece pautas para a promoción da igualdade de xénero, a coeducación e a prevención da violencia de xénero nos centros educativos, incorporando de forma integrada e transversal a perspectiva de xénero en todas as actuacións do centro. Establece medidas e actuacións concretas para continuar profundizando, desde unha perspectiva de xénero, nos Plans do centro, nos materiais e no currículo; na aprendizaxe, a formación e a implicación de toda a comunidade educativa; na promoción de accións de prevención da violencia de xénero e na propia estrutura do sistema educativo.

O noso Plan de Igualdade de Xénero fíxose seguindo as directrices do I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 da Xunta de Galicia.

2.- XUSTIFICACIÓN

É preciso que en todos os ámbitos da educación se faga énfase na necesidade de camiñar cara á corresponsabilidade, de tal xeito que se modifiquen os patróns de conduta adquiridos pola tradición familiar e social que crearon etiquetas para as distintas tarefas en función do xénero.



Para a elaboración deste Plan tivéronse en conta catro principios inspiradores que sustentan todos e cada un dos eixos de actuación:

- **Transversalidade:** a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa.
- **Sociedade igualitaria:** a construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater tódalas formas de discriminación.
- **Obxectivo *violencia 0 nas aulas e na sociedade:*** é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.
- **Inclusión e integración da diversidade:** a educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.

3.- **NORMATIVA BÁSICA DE REFERENCIA**

Para elaborar el presente Plan de Igualdade tívose en conta a seguinte lexislación:

1. Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra da Violencia de Xénero. (BOE núm. 313, de 29 de diciembre de 2004).
2. Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio (art. 1)
3. Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo (art 23 e 24)
4. Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia.
5. Estatuto de Autonomía de Galicia (1981). Artigo 4.1
6. Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres.
7. Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
8. Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia (2014).
9. Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro: Convivencia e participación da comunidade educativa 4 Decreto legislativo 2/2015 de 12 de febreiro. Capítulo IV: A educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres.
10. Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (abril 2016).

4.- CARACTERÍSTICAS DO NOSO CENTRO

Indicadores internos:

Perfil do Claustro de profesoras e profesores:

14 mestras e 3 mestres.

Cargos de responsabilidade:

Directora , xefa de estudos e secretaria

Perfil do alumnado:

77 varóns e 65 nenas .

Desde que o centro pasou a ser de Liña 1, perdemos a posibilidade de equilibrar os grupos no tocante a xénero, de maneira que na actualidade a composición dos grupos é a que nos ven dada pola matrícula. En xeral, están equilibrados salvo no caso de 5º de Educación Infantil no que, de 18 escolares so 6 son nenas e 6º de Educación Infantil no que, de 17 escolares so 5 son nenas.

Indicadores externos:

Índice ISEC: medio-baixo

5.- ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE IGUALDADE

5.1.- Diagnóstico

- Diagnóstico xeral do centro en materia de coeducación
- Diagnóstico sobre aspectos concretos en función da variable xénero (resultados académicos, uso de espazos e participación, liderazgo, relacións interpersoais, conflictividade e violencia, toma de decisión, autonomía persoal...).
- Utilización de matrices de análise de situación como a seguinte:

Presenza da Coeducación no Centro			
Indicadores	si	non	en proces o
Datos estruturais			
Están os obxectivos deste Plan incluídos no PEC?			
Está nomeada a persoa do Consello Escolar que esté atenta,			



impulse e leve a cabo o seguimento de medidas educativas que fomente a igualdade real e efectiva entre nenos e nenas?			
Linguaxe escrita			
Carteleira do centro			
Comunicados			
Documentos do centro			
Materiais e recursos			
Biblioteca			
Taboleiro específico de coeducación			
Presenza na web do centro			
Enlaces e recursos externos			
Sesións formativas/informativas do Claustro			
Sesións formativas/informativas da Comunidade Educativa			
Outras actuacións educativas			
Utilización igualitaria de espazos e tempos			
Realización de actividades educativas e complementarias con perspectiva de xénero			

5.1.- Coordinación orgánica

5.2.1.- Co Departamento de Orientación

- Plan de Acción Titorial con perspectiva de xénero
- Desenvolvemento persoal e social
- Auto-coñecemento e identidade
- Relacións interpersoais e interaccións
- Estima e autoestima
- Educación emocional
- Educación afectivo-sexual
- Tratamento e intervención en casos de acoso e/ou violencia de xénero
- Mediación na resolución de conflitos
- Liderazgo
- Autonomía persoal

5.2.1.- Cos Equipos De ciclo e nivel

- Comprobar a existencia de estruturas facilitadoras da elaboración de propostas e recursos
- Revisión dos libros de texto e outros materiais de uso escolar
- Comprobar a existencia de materiais e recursos para o profesorado
- Velar pola planificación e coordinación de actividades complementarias relacionadas coas conmemoracións anuais e celebracións relacionadas co xénero: 25 N (contra a violencia de xénero), 8M (día da muller), 11F (Día da muller na ciencia), 15O (Día das escritoras)...
- Outras actividades: exposicións, murais, traballos documentais, concursos, campañas... que teñan ás nenas e ás mulleres como protagonistas

5.2.3.- Con outros centros e redes colaborativas

- O centro participa en grupos de traballo, proxectos...
- Colabora con asociacións e entidades externas.
- Traballase con outros centros da zona.

6.- OBXECTIVOS

O Plan Estratéxico De Xénero en Educación da Xunta de Galicia, propón 6 grandes eixos de actuación, cada un dos cales se desgrana posteriormente en diversas medidas.

Para o noso centro seleccionamos as seguintes medidas, actuacións e indicadores establecidos nel.

Medidas , Actuacións e Indicadores

Obxectivo 1: Establecer condicións para que os centros implementen Plans de centro coeducativos a través dunha organización escolar e un currículo sen sesgos de xénero.

MEDIDA	ACTUACIÓN	INDICADORES
Garantir a integración transversal da perspectiva de xénero en tódolos documentos do centro, especialmente na PXA	Elaboración do Plan de Igualdade de xénero do centro que recolla as actuacións en materia de igualdade e que se incluírá na PXA Nomeamento dunha persoa	Autoavaliación por parte do centro do desenvolvemento dos obxectivos propostos así como da eficacia das accións contempladas no Plan



Promover a participación e implicación das familias no traballo coeducativo	encargada da súa coordinación. Favorecemento e impulso da implicación das familias nos Programa de innovación educativa relacionados coa actividade extraescolar, especialmente a deportiva	Observación da evolución do numero de nenas usuarias de actividades deportivas tradicionalmente consideradas masculinas
---	--	---

Obxectivo 2: Realizar accións de sensibilización, formación e implicación da comunidade educativa en materia de igualdade de xénero, coeducación e prevención da violencia de xénero.

<u>MEDIDA</u>	<u>ACTUACION</u>	<u>INDICADORES</u>
Impulsar e favorecer a práctica escolar inclusiva e equitativa mediante a utilización dunha linguaxe non sexista en todas as súas expresións: visual, oral, escrita... tamén en contornas dixitais	O Equipo Directivo establece as actuacións e directrices para asegurar o emprego dunha linguaxe non sexista no centro	Valoración do uso e presenza dunha linguaxe inclusiva en calquera das modalidades xa citadas

Obxectivo 3: Promover actuacións de sensibilización e prevención da violencia de xénero para contribuír á súa erradicación, asegurando unha intervención axeitada ante posibles casos de violencia de xénero no ámbito educativo.

MEDIDA	ACTUACION	INDICADORES
Promover actuacións encamiñadas á	Dentro da acción tutorial dos diferentes	Actuacións relativas á visibilización,



<p>sensibilización, visibilización e prevención da violencia de xénero</p>	<p>niveis, contemplaranse actuacións específicas de educación en valores non sexistas, de construción de roles de xénero e educación afectivo sexual tendo en conta as distintas orientacións sexuais, a autonomía persoal e a construción do autoconcepto. Tamén a elaboración dun punto de vista sobre a vida sen sesgo de xénero, cunha educación emocional equilibrada e recursos para a xestión de conflitos</p>	<p>sensibilización e prevención da violencia de xénero no ámbito da acción titorial</p>
--	---	---

OBXECTIVO 4: Fomentar a integración da perspectiva de xénero no funcionamento da Administración educativa , os seus organismos adscritos e os centros docentes dependentes del.

MEDIDA	ACTUACIÓN	INDICADORES
<p>Promover e fomentar a autoavaliación dos centros docentes nesta materia</p>	<p>Inclusión de indicadores de xénero para a avaliación e a elaboración dos informes anuais de autoavaliación.</p>	<p>Inclusión de indicadores de xénero nos informes anuais de autoavaliación en relación coa implantación e seguimento do I Plan de actuacións para a</p>



		igualdade nos centros educativos de Galicia
--	--	--

7.- CONTIDOS A DESENVOLVER DURANTE ESTE CURSO ESCOLAR

- Sensibilización á comunidade escolar encol da importancia de traballar a igualdade no colexio para conseguir unha convivencia pacífica.
- Concienciación ao alumnado dos beneficios da igualdade para prever as desigualdades, comportamentos xenófobos e racistas así coma condutas violentas presentes socialmente.
- Mantemento dun clima agradable para a convivencia, tomando como punto de partida a igualdade.
- Adquisición de habilidades para a resolución pacífica dos conflitos.
- Practica da linguaxe coeducativa, eliminando termos sexistas.
- Coñecemento da inxustiza que sufriron historicamente as mulleres.
- Identificación e denuncia de comportamentos de violencia de xénero.
- Solidariedade con aqueles colectivos que sofren discriminación.
- Traballar a través das distintas actividades curriculares, a importancia da igualdade entre home e muller.
- Promover, desde as primeiras idades, a necesidade de compartir as actividades que realizamos no fogar entre tódalas persoas que conviven no mesmo.
- Potenciar no alumnado o concepto de coeducación e de igualdade mediante a transmisión de valores sociais como a tolerancia, o respecto, a igualdade, a xustiza, a cooperación,...
- Mellora das relacións persoais entre o alumnado, diminuindo os conflitos e o sexismo en situacións de xogo.
- Potenciación da colaboración entre familia e escola para sensibilizar ao alumnado e ás familias da importancia da igualdade de xénero.

8.- METODOLOXÍA



A intervención no marco educativo estará marcada polos catro principios fundamentais de actuación recollidos no I Plan actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia:

Visibilidade: O Plan de Igualdade entre homes e mulleres debe estar presente nos diferentes ámbitos da escola (familia, profesorado e alumnado) a través da linguaxe escrita e oral e nos diferentes soportes de información utilizados. Trátase de poñer en valor e dar a coñecer o traballo das mulleres na Historia así como a influencia destas (ou non) nos modelos sociais. Enfrontarnos á inxustiza, á desigualdade e aos privilexios nunha sociedade democrática axudando a visibilizar que nenos e nenas aínda reciben unha socialización diferenciada en razón do seu xénero que impide o seu pleno desenvolvemento, limita as súas capacidades e repercute na xeración de pensamentos, actitudes e hábitos diferentes que van a condicionar a súa evolución persoal a nivel social, educativo e profesional.

Transversalidade: O enfoque transversal supón a inclusión da perspectiva de xénero na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as actuacións do centro. Por isto, traballarase de forma coordinada entre as diferentes áreas ámbitos escolares. En cada ciclo revisaranse libros e outros materiais didácticos por si houbera que modificalos. Por último, será todo o Claustro quen aprobe e desenvolva cada unha das actuacións contempladas neste Plan de Igualdade.

Inclusión: As medidas e actuacións van dirixidas ao conxunto da comunidade educativa: é competencia do profesorado, alumnado e familias participar e colaborar no desenvolvemento dos obxectivos propostos neste Plan de Igualdade. Apoiaremos incondicionalmente as diferenzas, pois a diversidade enriquece as relacións; mentres que a desigualdade e a discriminación, empobréceas e convérteas en problemas. Conciliar intereses e crear relacións de xénero máis igualitarias, fan da inclusión un dos principios fundamentais deste Plan.

Paridade: A paridade é un dereito e un principio fundamental, necesario para o logro de maiores cotas de xustiza e liberdade no exercicio de dereitos equitativos. A paridade real esixe, por unha parte, a participación equilibrada das mulleres e dos homes na toma de decisións públicas e políticas, así como, no ámbito familiar e no privado, a



corresponsabilidade dos homes e das mulleres nas tarefas de crianza e coidado de acordo cun reparto e desfrute equitativos. A presenza paritaria de mulleres e homes nos diferentes ámbitos e categorías profesionais ou en postos de liderazgo e de toma de decisións, debe responder a criterios de capacidade e formación equiparables e gozar de similar consideración.

Educación por e para a Igualdade non significa realizar dúas ou tres actividades durante o curso escolar para poder plasmarlas na memoria final. Tampouco consideramos xustificada a nosa actuación con solo celebrar os días sinalados relacionados coa coeducación, a igualdade ou a non violencia, senón que entendemos que a igualdade é un cometido de todos e todas e a todos e todas concirne. Así pois, o enfoque metodolóxico deste Plan de Igualdade é globalizador, traballando en todo momento pola igualdade e o rexeitamento de posibles discriminacións por cuestión de xénero.

Trallaremos actividades prácticas, colaborativas, lúdicas, activas e participativas, nas que a aprendizaxe que os e as escolares adquiran sexa significativa. Traballaremos partindo das propias experiencias do alumnado, da contorna máis inmediata que os/as rodea: a aula e o fogar. Para elo imos favorecer a comunicación familia-escola e realizaremos actividades que se inspiren na experiencia familiar así como na convivencia que elo supón para así poder trasladalo á vida en sociedade. Familias e escola, ademais de coordinarse entre ambos para intercambiar impresións, suxestións e propostas, terían que impulsar e motivar aos escolares, manter un clima de harmonía e boas relacións, orientar, instruír, facilitar a toma de decisións e establecer criterios definidos de comportamentos e pautas de traballo. Non esquecemos que a coordinación coas familias é primordial para que estas participen asuman como propios os obxectivos propostos neste Plan.

9.- RECURSOS PERSONAIS E MATERIAIS

Para lograr os obxectivos propostos utilizaranse tódolos materiais dispoñibles no Centro, así como aqueles que nos poidan ser achegados desde outras institucións.

Destacar como recurso máis importante, os humanos. Desde o profesorado, as familias e o alumnado, pasando polo persoal das posibles entidades colaboradoras, como parte integrante e potenciadora deste Plan. En relación cos recursos materiais, contamos no



centro cun amplo abano de recursos tecnolóxicos, A metodoloxía será, preferiblemente lúdica e interactiva que fomente a motivación, o interese e a participación do alumnado, usando para elo materiais como vídeos, cancións e xogos relacionados coas distintas efemérides. Farase uso tamén de elementos máis tradicionais tales como murais e debuxos elaborados polo propio alumnado. Tamén se elaborarán textos e manifestos que avoguen pola igualdade entre xéneros. De tódolos traballos realizados polo alumnado realizaremos a maior difusión posible polos medios que son habituais entre nós (blogs, Radio Balea, corredores...) dependendo da actividade realizada.

10.- ACTIVIDADES EN EL CENTRO

Actuacións concretas para integrar a perspectiva de xénero nos documentos do centro de acordo cos obxectivos establecidos.

Nos documentos do centro:

- Redactalos atendendo á eliminación da linguaxe sexista.
- Detectar e corrixir calquera uso desa linguaxe nos documentos do centro, así como na carteleira, recursos e materiais didácticos.
- Revisar e comprobar que os documentos do centro contemplan obxectivos destinados ao desenvolvemento da igualdade entre homes e mulleres.
- Colaborar na elaboración do Plan de Acción Titorial para así incluír obxectivos que incidan na eliminación de estereotipos sexistas na nosa sociedade e que colaboren na educación de cidadáns críticos.
- O principio de paridade nos grupos-clase, queda fora do noso control desde que o centro reduciu a súa matrícula a liña 1.
- Incluír nas programacións didácticas a Igualdade na aula.
- Incluír na Formación do Profesorado algún curso relacionado coa Igualdade.
- Colaborar con outras institucións, preferiblemente próximas, nas actividades relacionadas coa Igualdade.
- No Plan de Convivencia los alumnos/as traballarán no exercicio da tolerancia e liberdade, dentro dos principios democráticos de convivencia e prevención de conflitos, xunto coa resolución pacífica dos mesmos.
- Dentro do Plan de Orientación e Acción Titorial formaremos ao alumnado no respecto dos dereitos fundamentais e na igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres.



No Regulamento de Organización e Funcionamento

- Potenciarase a participación equilibrada nos xogos de nenos e nenas, fomentando os grupos mixtos e o desenvolvemento tanto de xogos motrices e deportivos como doutros máis tranquilos.
- Vixiarase que os espazos sexan ocupados de forma equitativa (tanto no patio coma nas aulas), sen acaparamento por parte de ningún xénero.
- Buscarase o equilibrio e a proporción de nenos e nenas no reparto de cargos, responsabilidades e tarefas por parte do profesorado.
- Poñerase especial atención en non encargar exclusivamente ás alumnas labores de coidados (acompañar a un compañeiro enfermo, ir buscar algún útil de limpeza...).

Celebracións especiais. Efemérides

- Día dos Dereitos Humanos. Faremos sempre especial referencia aos dereitos das nenas incluíndo a súa conculcación dentro dos traballos e investigación.
- Semana da Muller. Como queira que coa redución de persoal no centro non temos capacidade de organización máis que para unha gran actividade por trimestre, bianualmente organizamos a Semana da Muller (que se alterna coa Semana da Paz) Nos anos que a celebración non é para todo o centro, as aulas conceden un lugar nas súas Programacións a esa celebración.
- Semana da Ciencia. Incluíranse sempre a mulleres científicas.
- 25N. Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres.

Contrato Programa Inclúe-T

Solicitamos esta modalidade dentro do Contrato Programa para obter recursos relacionados coa coeducación, a identificación das desigualdades e a contrición dunha sociedade máis xusta e igualitaria, todo ela dende as idades máis tempéranas.

11.- AVALIACIÓN

Para conseguir os mellores resultados no desenvolvemento deste plan de traballo, faremos unha avaliación continua que nos permitirá saber se os obxectivos propostos



son os indicados e se as actividades propostas son as correctas para así poder realizar as modificacións oportunas. Valorará o grao de implicación de cada un dos membros que compoñen a nosa Comunidade Educativa, así como a coordinación entre eles e o grao de aceptación das distintas propostas. Esta avaliación continua se complementará con una avaliación final onde se valoren os resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grao de satisfacción coa experiencia. Para todo elo, empregaranse, entre outros, os seguintes métodos de avaliación:

- Revisión dos obxectivos e actividades propostas.
- Avaliación das actividades propostas.
- Reunión de seguimento cos titores.
- Memoria del Proxecto.

Unha vez realizada a avaliación e a memoria do presente Plan, incluíranse no Plan de Mellora para o próximo curso aquelas medidas que se consideren oportunas.